En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 4567**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **“a eventual realización dunha análise e un balance das políticas desenvolvidas en materia de incendios forestais”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A análise de resultados obtidos, tanto dende o punto de vista da prevención como da extinción de incendios forestais é unha labor continua, que se ven realizando durante todos estes anos e que da lugar, de xeito interno, a novas propostas de actuación que permitan mellorar os mesmos.

A día de hoxe a administración dispón e está procesando milleiros de datos obxectivos, numéricos, cartográficos, meteorolóxicos, de estratexias e tácticas e dende todos os puntos de vista técnicos do que aconteceu, do que podería ter acontecido de non actuar e de que facer para que non volva a acontecer ou, de ser imposible, minimizar o efecto dos incendios. Para iso empregaranse medidas de todo tipo, dende legais, de planificación e de execución de medidas a levar a cabo a curto e medio prazo.

Estanse a analizar todos eses datos e variables, focalizando os estudos analíticos e de reconstrución nos grandes incendios forestais, como en anteriores ocasións.

Para esta análise hai que resaltar o aumento continuado do investimento na formación, especializada nas diversas categorías, que permite tamén contrastar diferentes puntos de vista.

Os resultados son obxecto de presentación e debate no parlamento e no Consello Forestal de Galicia, aínda que calquera debate que permita unha análise do traballo realizado e unha proposta de mellora non supón ningunha traba para esta consellería.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte establece anualmente o plan de prevención, que se inclúe dentro do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (PLADIGA), de acceso público e no que pode consultar, por provincia, a planificación de actuacións e o seu orzamento desagregado.

As distintas actuacións que se poden realizar, tanto ás dirixidas á poboación como ás enfocadas sobre o territorio se poden e se deben realizar durante todo o ano, seleccionando ben en función da época o tipo de labor preventiva a realizar, evitando loxicamente actividades que poidan supoñer un risco de inicio de incendio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A planificación ademais pode abarcar máis dun ano, establecendo prioridades e marcos temporais para o mantemento de infraestruturas preventivas. Neste eido da prevención, esta planificación é fundamental, sendo conscientes de que hai medidas que darán os seus froitos a medio e longo prazo.

Ademais do comentado no apartado anterior respecto da consulta do plan de prevención desta dirección xeral, cunha serie de actuacións alí incluídas que se poden considerar como silvicultura preventiva (traballos con medios propios, certos casos de áreas cortalumes...), hai que considerar principalmente os traballos programadas pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29646
Data envío: 29/07/2025 09:11:26.407

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:11:25

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 4878**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a posibilidade de que o Goberno galego valore unha reformulación do modelo organizativo dos dispositivos de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 4874 e debatida na Comisión 7ª do 19 de xuño de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A Comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzRhYTA3ZTltZDU4NS00ZGlyLTkxM2EtYzFmNmE0MzQ2YTBh>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:11:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29643
Data envío: 29/07/2025 09:11:05.908

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 5016**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outras deputadas, sobre **"as previsións que ten a Consellería do Medio Rural respecto da planificación neste ano 2024 da formación continua agroforestal para titulares de explotacións e persoas que pretenden incorporarse ao sector"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A formación, como a maioría dos ámbitos de actuación desta Consellería, debe planificarse e articularse do mellor xeito posible, poñendo a disposición do agro galego o coñecemento máis actual. Pero esta importantísima labor formativa debe basearse nas necesidades detectadas e transmitidas polos distintos elos da cadea produtiva agrogandeira, da produción primaria forestal e da propia industria agroalimentaria. E debe facerse de xeito coordinado, ordeado e facendo honor á importantísima función que a formación agraria representa para a nosa comunidade autónoma galega, polo que non debe tomarse ningunha decisión á lixeira e debe romperse coas fórmulas do pasado que demostraron non ser as máis axeitadas e que parece ser nas que están especialmente interesados en perpetuar.

É sumamente importante a experiencia e coñecemento adquirido na xestión e implementación das mellores ferramentas para conseguir estes obxectivos, e que ten adquirido ao longo do tempo o actual órgano xestor da Formación Continua a través do Plan de Formación Continua ao agro galego. Non só importa a anualidade 2024 como se apunta nas preguntas trasladadas, senón que é preciso vertebrar un plan integral que abrangue todo o período de vixencia da nova PEPAC, tendo conta de que os fondos que o sustenta son FEADER, pero baixo as novas regras de xogo que non sempre son coincidentes coas do anterior período do PDR.

Facendo un repaso rápido ao Plan de Formación continua do Agro Galego no período 2019-2023, máis do 70% das actividades que foron solicitadas para impartición foron desenvolvidas polas unidades da propia AGACAL, tanto Centros de Formación e Experimentación Agraria como os propios Centros de Investigación, sendo impartidas dende as Oficinas Rurais entorno ao 20% e o restante porcentaxe por parte de outras unidades da administración. Isto supuxo un total de 2.613 actividades que permitiu a formación de máis de 28.000 alumnos e a xustificación de preto de 1,8 millóns de euros de fondos FEADER. Deles uns 20.000 alumnos recibiron a formación directamente a través das unidades AGACAL.

Non obstante a pesar do importante número de alumnos que foron receptores destas actividades formativas, detectouse un alto porcentaxe de inexecución por moi diversos motivos, pero que chegaba a superar o 50% dos fondos aprobados para

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



executar nas accións solicitadas seguindo o esquema polo que se inquire nas preguntas. Esta realidade indicaba a necesidade de deseñar un plan formativo máis eficiente e eficaz no uso dos recursos públicos posto que o esforzo inversor en formación do sector primario non estaba a repercutir nunha mellora significativa do sector.

A pesares dos esforzos do órgano xestor destes fondos FEADER e da Consellería do Medio Rural no seu conxunto, cando se pulsaba a realidade a través do deseño das Estratexias sectoriais que puxo en marcha a Consellería nestes últimos anos, como a do Leite, a do sector cárnico ou o da horta, seguía existindo unha demanda por parte dos actores que formaban parte do tecido destes sectores (agricultores, gandeiros, silvicultores, asociacións, cooperativas, distribuidores, industrias agroalimentarias, etc) de formación especializada, máis aló dos planes formativos da rama agraria, tanto universitarios como da formación profesional.

Adicionalmente, na anualidade 2024 se da a circunstancia da necesidade de cambio e adaptación dende un PDR da Comunidade Autónoma de Galicia a unha PEPAC centralizada na que se teñen que integrar as comunidades autónomas e que supón cambios importantes tanto na súa planificación como na implementación da súa xestión.

A adaptación ao novo escenario PEPAC supuxo a necesidade de implementar un novo Plan Marco para a Intervención 7201 que nesta nova tesitura supoñía que a Formación continua pasaba a ser unha subintervención (7201_01) pero que ademais viña acompañada doutras subintervencións de grande importancia complementaria e que incluía a 7201_02 de campos de demostración, a 7201_03 de transferencia de coñecementos, a 7201_04 de visitas, a 7201_05 de intercambios ou a 7201_06 de Formación de asesores, có que o apartado da formación continua debía ser tratado e incluído no conxunto da Intervención.

A posta en marcha dun novo período e o cambio de fondos FEADER baixo xestión PDR a PEPAC non é unha cuestión baladí e implica a interpretación da normativa na que debe enmarcarse así como a posta en marcha dun novo Plan marco para o conxunto da Intervención, novas circulares adaptadas, plans de controis, etc. e todo elo cós medios dispoñibles para a xestión do día a día no seno da AGACAL e coa conformidade, supervisión e axuda de todos os departamentos implicados directamente na xestión dos fondos FEADER, particularmente a Autoridade de Xestión dentro da Consellería do Medio Rural.

Exposta a situación de partida e sendo coñecedores da ineficiencia e ineficacia dos sistema de formación que existiu ata a data e baseado na experiencia previa acumulada durante o período de xestión do PDR neste eido, decidiuse facer un novo enfoque cun deseño que mellorase a eficiencia e eficacia dos orzamentos públicos asignados para este fin e que suplira as eivas detectadas do sistema anterior e no que seguen ancladas as preguntas polas que se cuestiona. Este deseño supón un cambio por completo do enfoque que tradicionalmente foi coñecido como o Plan de Formación Continua anual e pasa a ter unha dobre vertente:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- Formación habilitante
- Formación continua non habilitante

1. Formación habilitante.-

Vense de tramitar un incremento orzamentario respecto do inicialmente previsto para acadar un importe de 215.000 € destinados a este fin e, segundo se reciba a preceptiva autorización, estarase en disposición de activar a formación habilitante impartida por esta Consellería e que se vehiculará preferentemente a través dos órganos especializados da Consellería do Medio Rural na impartición de formación como son os Centros de Formación e Experimentación Agraria dependentes de AGACAL. Se non hai retrasos alleos ao propio AGACAL, durante o mes de xullo comezarse coa impartición desta formación por parte das unidades dependentes de AGACAL.

É moi de salientar que a formación habilitante, ademais, pode ser impartida polas entidades colaboradoras en materia de formación autorizadas a través de AGACAL pola Consellería do Medio Rural para a impartición destas especialidades formativas. Nestes intres ata 13 entidades colaboradoras están rexistradas e autorizadas para a impartición en modalidade teleformación e 32 o están para a modalidade presencial, dato que pode ser consultado en aberto no buscador de entidades colaboradoras para impartir as actividades formativas en materia agraria cuxo link é o que segue: (<https://agacal.xunta.gal/gl/formacion/entidades-colaboradoras/inscripcion-de-entidades/agraria>). Calquera interesado pode acceder a esta información e, cando calquera destas 45 entidades habilitadas teñen rexistrado un número mínimo para impartir as especialidades formativas para as que están autorizadas, se así o estiman convinte, proceden á súa impartición co correspondente seguimento e control segundo as instrucións dispoñibles na páxina web da AGACAL (<https://agacal.xunta.gal>)

Para que elo fora posible AGACAL estableceu os correspondentes procedementos administrativos dispoñibles en sede electrónica (MR330C para inscrición de entidades colaboradoras, MR203A para a autorización para impartir cursos de manipulador aplicador de produtos fitosanitarios, MR330D para autorización para impartir actividades de formación continua, MR205A para autorización e rexistro de entidades que imparten cursos de formación en materia de benestar animal), ditando as correspondentes instrucións acaídas en cada caso.

Tamén AGACAL ven de poñer a disposición de alumnos e entidades colaboradoras os manuais técnicos de referencia coa materia que debe ser impartida como mínimo en cada especialidade formativa de benestar animal ou do persoal que manexe explotacións, establecendo o contido mínimo que tamén deberán impartir as entidades colaboradoras. Todo elo en aberto e a disposición de calquera interesado na páxina da AGACAL no apartado de Formación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Merece atención destacable o esforzo que AGACAL ten realizado para poñer a disposición do sector cursos a través dunha plataforma de teleformación propia para aplicador de produtos fitosanitarios, benestar animal ou para a formación de persoal que traballa con determinadas especies gandeiras, favorecendo a conciliación da vida familiar e facilitando a formación dende calquera lugar e en calquera momento que unha persoa interesada poida precisar.

Por todo elo, queda plenamente garantido o acceso de calquera interesado á formación esixible a través de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural e, dende o próximo mes, tras a adaptación ás novas condicións PEPAC, tamén a través das propias unidades especializadas na formación como son os Centros de Formación e Experimentación Agraria en consonancia coas necesidades comarcais detectadas e trasladadas a AGACAL e as súas unidades para cada un dos cursos habilitantes.

2. Formación continua non habilitante.

Como consecuencia do indicado no apartado introdutorio desta resposta, se deseñou unha nova estratexia formativa que pretende corrixir as eivas detectadas no anterior período e que supón a implementación dun acordo marco para a selección de provedores do servizo de organización e xestión de actividades de formación en materia agraria. Entre os grandes avances que suporá se atopa o seu deseño con carácter plurianual de xeito que a través desta modalidade poderase acadar ata o 31/12/2025.

Os sectores que se establecen como prioritarios para ser perceptores mediante este tipo de formación son o vacún de leite, vacún de carne, ovino e cabrún de carne, apicultura, outros sectores zootécnicos en extensivo, horta (incluída a pataca, a flor cortada e a planta ornamental), a viticultura, fruticultura non de casca (incluídos pequenos froitos e froitos tropicais), froiticultura de casca (incluída a castaña, a noz e a abeleira), a olivicultura, a defensa do monte e xestión forestal, así como a industria relacionada coa artesanía alimentaria. Para elo, AGACAL desenvolveu unha serie de itinerarios formativos para tratar de dar cobertura a todas as necesidades detectadas e ao mesmo responder á reestructuración dos diferentes subsectores e ao nivel exixido, itinerarios que poden ser completados modularmente.

Este novo sistema de itinerarios modulares establece diversas tipoloxías de actividades formativas como son:

a) Cursos.- Que versarán sobre os sectores prioritarios, estando cada curso integrado por diversos módulos didácticos e cunha importante carga formativa de carácter práctico.

b) Talleres.- Que versarán sobre as temáticas de cada un dos módulos que integran os cursos

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



c) Conferencias que estarán baseadas en contidos teóricos, pero orientadas aos aspectos máis innovadores de interese na agricultura, gandaría, industria agroalimentaria e cadea forestal-madeira.

Os módulos de cada unha das áreas prioritarias establecidas incluírán temáticas como a empresa agraria e a xestión de recursos humanos, prevención de riscos laborais, xestión técnico económica, sensibilización ambiental, sanidade, xenética, manexo, técnicas produtivas, etc. incluída a comercialización e rastrexabilidade.

Todo este enorme esforzo que se ten realizado por parte de AGACAL para conseguir unha formación eficiente e eficaz no emprego dos recursos públicos, neste caso dos fondos FEADER, e con impacto real que sexa verdadeiramente útil para correxir as eivas formativas detectadas nas distintas estratexias sectoriais promovidas pola Consellería do Medio Rural non se poñen en movemento da noite á mañá e precisan de tempo de planificación e tramitacións para a súa posta en marcha. Dende logo, pode supoñer un antes e un despois na xestión da formación agraria en Galicia, introducindo cambios substanciais fronte a modelos que non estaban dando os resultados desexados e nos que o grupo parlamentario que formula as preguntas parece querer seguir anclado.

Pero ademais é preciso o impulso e desenvolvemento dun plan formativo destinado aos técnicos e asesores das explotacións e negocios agrarios, para mellorar a súa competencia profesional e achegar os últimos coñecementos dispoñibles que á súa vez poidan ser transmitidos ao agricultor, ao gandeiro, ao silvicultor ou aos responsables das industrias agroalimentarias. Este plan formativo de técnicos asesores é complementario da Formación contínua non reglada e tamén debe ser atendido axeitadamente, cuestión na que AGACAL ten desenvolvido un importantísimo esforzo nos últimos dous anos dende que se convertiu na entidade xestora de esta submedida.

Os tempos cambian, e é fundamental ter unha capacidade de adaptación ás novas situacións e os novos condicionantes como os que nos brinda a PEPAC, convertindo a prestación dos servizos públicos dende unha nova perspectiva nunha oportunidade de progreso e mellora para o agro galego, seguindo as propias demandas que dende o sector primario agrogandeiro, silvicultor e da industria agroalimentaria nos están a demandar.

O pasado 11 de xuño a Conselleira do Medio Rural anunciaba a posta en marcha dun novidoso e ambicioso Plan de formación, asesoramento e titorización para afianzar o futuro do rural galego e favorecer a remuda xeracional e AGACAL xogará un imopotantísimo papel pola súa condición de xestor das intervencións da PEPAC asociadas a estes eidos e como coordinador do Sistema de Coñecemento e Innovación Agrario (SCIA) de Galicia, vertebrado a través das súas unidades xeradoras de coñecemento (Centros de Investigacións Agrarias, nomeadamente CIAM e EVEGA) e de transferencia deses coñecementos (Centros de Formación e Experimentación Agraria, CFEAs) e coa participación do resto das unidades polas que preguntan.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Por todo elo, consideramos que o plan formativo polo que se pregunta está amplamente superado pola novidosa proposta formativa e tamén está perfectamente xustificada a súa implementación. Agora ben, os cambios para que saian ben deben ser axeitadamente planificados e levan o seu tempo de deseño e aplicación, do mesmo xeito que os resultados se acadan có paso do tempo e é preciso romper cós modelos que deixaron de funcionar hai tempo, adaptándose aos novos desafíos e necesidades trasladadas polo sector primario agrario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:10:35



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 5027**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros deputados e deputadas, sobre **"as medidas que o Goberno galego estima adecuadas para impulsar a indicación xeográfica protexida Pan de Cea"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural** en colaboración coa **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego é moi consciente da importancia das denominacións de orixe (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) para o desenvolvemento rural. Son instrumentos que potencian as nosas producións alimentarias de calidade e que evitan que os produtos dun territorio que acadaron fama e reputación entre as persoas consumidoras poidan ser elaborados fóra dese territorio. Trátase así de que o valor engadido que xeren eses produtos quede no territorio tradicional de produción.

Por iso, nas liñas de actuación estratéxicas de actuación da Consellería do Medio Rural o apoio ás DOP e IXP é peza clave. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) inviste moitos recursos humanos e económicos na potenciación destes indicativos de calidade. Isto faíno tanto con actuacións promocionais directamente realizadas pola Axencia (asistencia e organización de feiras e outros eventos, misións comerciais, campañas publicitarias, etc.) como financiando as que realizan os consellos reguladores, entre eles o Consello Regulador da IXP Pan de Cea.

Así, no orzamento de 2024 son máis de 4 millóns de euros os que se destinan as actuacións de promoción dos produtos de calidade a realizar directamente pola Agacal, que se suman aos máis de 4,7 millóns de euros para liñas de axudas relacionadas directamente co apoio ás DOP e IXP.

En particular, ao Consello Regulador da IXP Pan de Cea dende a Axencia Galega da Calidade Alimentaria aprobáronse en 2024 axudas por un importe total de 58.054 euros.

Tamén resulta de interese que a hostalaría e a restauración do territorio dunha indicación xeográfica ou dunha denominación de orixe se impliquen coa visibilización e o fomento deses produtos locais, e esa é unha liña de actuación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e dos consellos reguladores. O sector da hostalaría e a restauración en Cea ten un compromiso coa IXP, de xeito que é habitual que nos seus locais o pan que se poña sexa da localidade. Iso debería ser algo xeneralizado, e non só en Cea co pan, senón en toda Galicia cos produtos de cada zona.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Desde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, damos resposta ás seguintes cuestións expostas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as cales contamos con competencia:

1. Como valora o retorno das xornadas de formación e/ou obradoiros de emprego?

A potencialidade que posúen os obradoiros de emprego é evidente ao respecto da mellora da empregabilidade das persoas, así como do reforzo das súas habilidades e competencias, cuxo obxecto é dar resposta ás demandas do mercado laboral e facilitar a inserción laboral e o emprego de calidade na nosa comunidade.

Como é sabido, os obradoiros poden ser promovidos polos concellos, mancomunidades de municipios e incluso entidades públicas dependentes, así como por entidades sen ánimo de lucro do sector forestal. A convocatoria de axudas pon o foco na formación forestal e nas iniciativas centradas na posta en valor das rutas do Camiño de Santiago ou nas áreas declaradas Reserva da Biosfera. Tamén nas propostas de concellos fusionados ou emprendedores e de actividades relacionadas coas TIC e coa economía dixital, así como relacionadas co tecido empresarial e coas posibilidades de inserción futura.

Desde 2009, son máis dun cento as persoas beneficiarias a través destes obradoiros tan só no termo municipal de San Cristovo de Cea, que, ata o momento, téñense centrado, de xeito particular, en albanería, traballos forestais, xardinería, etc., primando aqueles que son levados a cabo en contornas rurais e favorecendo unha sinerxía entre as persoas participantes, ao optimizar de xeito notable as súas habilidades e posibilidades na busca de emprego e, por outro lado, as entidades, sexan concellos, mancomunidades ou outros organismos, cuxo beneficio está no propio traballo desempeñado polos obradoiros en cuestión.

2. Cantos relevos xeracionais da IXP Pan de Cea se xestionaron a través do Polo de emprendemento do Carballiño?

Á data de hoxe, a través do Polo de Emprendemento e Apoio ao Emprego do Carballiño (Ourense) non se ten rexistrado ningunha solicitude de apoio por parte da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Pan de Cea para a tramitación das axudas Bono Relevo da Xunta de Galicia. Non obstante, no marco da remuda xeracional, véñense realizando diversas accións para analizar as dificultades de atopar relevo (Remuda Xeracional Denominación de Orixe (DO) Ribeiro, Potenciando o emprendemento cos recursos locais Pan de Cea, entre outras).

Concretamente, no pasado mes de marzo, levouse a cabo unha actividade en colaboración coa devandita IXP Pan de Cea, na que participaron persoas asociadas á mesma, así como alumnado dos ciclos de panadería, repostería, pastelería e cociña gastronómica do EFA Piñeirál (IES Vilamarín), ademais doutras persoas emprendedoras interesadas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



As conclusións da xornada permitiron desmentir a idea de que son traballos incompatibles coa conciliación, facendo constar que se tratan de saídas laborais demandadas. Ademais, fíxose fincapé na necesidade de difundir este tipo de oportunidades de emprendemento, creando sinerxías co comercio local e incluso con outros sectores, permitindo adaptar ditas suxestións á actuación da Consellería e comezar a cubrir as súas necesidades de relevo xeracional, implementando accións que motiven a continuidade –tamén ao abeiro da IXP–. Pódese acceder ao transcurso da actividade a través da seguinte ligazón:

<https://youtu.be/IgtAJqPQozw>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:14:57



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 5452**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia canto á apertura de liñas de axudas dirixidas ás produtoras e aos produtores co fin de se adaptaren ás novas obrigas da reforma do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Terneira Gallega"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Antes de entrar a contestar as preguntas formuladas, debemos indicar que as deputadas e os deputados asinantes achegan no preámbulo de contextualización unha información con bastantes incorreccións.

No ano 2021, o Regulamento (UE) 1151/2012 sufriu unha importante modificación, que afectou sobre todo ao procedemento de modificación dos pregos de condicións das DOP e IXP. Logo desa reforma do regulamento, as modificacións dos pregos de condicións non se clasifican en "modificacións menores" e "modificacións non menores", senón que pasaron a denominarse "modificacións normais" e "modificacións da Unión". As primeiras apróbaas a autoridade competente do Estado membro (neste caso, a Consellería do Medio Rural) e as "da Unión" ten que aprobalas a Comisión Europea ao tratarse de modificacións que afectan a elementos esenciais do rexistro da DOP ou IXP.

Dito isto, debemos indicar que as modificacións que se introduciron teñen a consideración de "normais" (e polo tanto, non teñen que ser aprobadas pola Comisión Europea) porque non afectan ao nome rexistrado, non alteran o vínculo do produto co territorio nin establecen novas restricións no comercio. Eses son os tres motivos que implicarían a necesidade de aprobación pola Comisión, e non os que as e os deputados indican na súa exposición.

Por outra parte, é tamén importante resaltar que a modificación foi proposta polo Consello Regulador, que a aprobou cun amplísimo consenso (só un vogal mostrou a desconformidade). E debemos ter en conta que o pleno do Consello Regulador está elixido democraticamente e é o lexítimo representante do sector.

E tamén é de resaltar que a modificación (das varias que se introduciron) que está a xerar certa polémica e esta pregunta parlamentaria (a necesidade dun acabado dos tenreiros para coller o peso necesario para obter canais de calidade) foi o resultado dos traballos das mesas de debate que se constituíron para elaborar a *Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia*.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Neses debates púxose de manifesto a necesidade de homoxeneizar a produción de carne de Suprema, porque nos últimos tempos cada vez dáse unha maior heteroxeneidade polo feito de que, fronte ao sistema tradicional de ter os xatos acortellados (que é a práctica que xa figuraba como recomendable nas normas da IXP *Ternera Gallega* para os xatos destinados á categoría "Suprema"), cada vez está sendo máis frecuente deixalos no pasto coas nais ata o sacrificio, o que dá lugar a canais de baixo peso e carne que non presenta as características de tenreza que debe caracterizar a carne de *Ternera Gallega Suprema*

Por outra banda, a estimación que fai o Consello Regulador da IXP Ternera Gallega é de que poden ser unhas 750 as explotacións de Ternera Gallega Suprema nas que actualmente non se sigue a práctica do acortellamento nas últimas fases de engorde dos xatos, práctica que, como xa dixemos, xa figuraba como recomendada dentro da normativa da indicación xeográfica protexida antes da modificación que se acaba de aprobar.

A avaliación do custe depende de cada caso particular en función do tamaño da cabana, das instalacións existentes, da localización, etc. Pero si que podemos dicir que as instalacións que se necesitan son sinxelas e non teñen porque ter un custe por m² elevado. Ademais, para facilitar a súa implantación, o propio prego de condicións establece un período transitorio antes da aplicación da obriga

De acordo cos datos que nos subministra o Consello Regulador, o número de animais que non cumpren os estándares de engraxamento e conformación non é doado de determinar porque hai animais que a industria xa descarta presentalos a certificación por corresponder a canais de baixo peso. O Consello Regulador estima que hai unha cifra de animais de arredor dos 8.000, que dan lugar a canais que, aínda cumprindo os mínimos de conformación e engraxamento, presentan anomalías claras en canto á relación idade / peso (idade entre 9 e 10 meses, con pesos inferiores a 180 kg/canal) respecto a media das canais de *Ternera Gallega Suprema* (canaís entre 9 e 10 meses con 225 kg/canal). Este dato é bastante significativo porque, ademais, coincide con engraxamentos (1) e (2-) ou (2) como máximo, nunha porcentaxe moi alta.

O sector, tanto nas mesas de debate da elaboración da *Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia* como no Pleno do Consello Regulador, percibe como un problema grave a cada vez maior heteroxeneidade nas canais de *Ternera Gallega Suprema*. Así, xunto a canais de elevadísima calidade (a que debe corresponder a esta categoría) procedentes de explotacións que seguen a práctica tradicional do acortellamento (práctica que, como dixemos, xa figuraba como recomendable antes desta modificación) son cada vez máis frecuentes canais de baixo peso e que non responden as características de calidade ás que se asocia a carne de "Suprema", e coincide que maioritariamente estas canais proceden de explotacións que non fan o acortellamento. Os permisos das construcións xestionáranse do xeito que a norma establece para esas zonas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O período transitorio que se establece para a entrada en vigor desta nova obriga debe ser suficiente para a tramitación dos permisos que, eventualmente, se precisasen.

Por outra banda a Consellería do Medio Rural xa conta con axudas ás explotacións que poden cubrir os investimentos que, eventualmente, teñan que ir realizando as explotacións para poder seguir producindo xatos acollidos á categoría *Tenera Gallega Suprema*".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29667
Data envío: 29/07/2025 09:14:47.416

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:14:47

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 5701**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións do Goberno galego ante a situación que atravesamos o sector ovino en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 5697 e debatida na Comisión 7ª do día 5 de xullo de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A Comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2IxNTEzYzUtOThtjMC00MGQ4LWJiODctMDRhZGM2YzY3MzA4> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:14:31



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 6089**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Campero Dorado e outros deputados e deputadas, sobre **“o balance das últimas medidas que está a impulsar o Goberno galego para o fomento das plantacións de castiñeiro e para a rexeneración e mellora dos soutos tradicionais”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 8565 e debatida na Comisión 7ª do 27 de setembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDlhNDg5NGYtYTFkYi00Mjg2LTk0MDctNmE1M2MzOGNlMGY4>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:14:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29661
Data envío: 29/07/2025 09:14:15.262

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 6218**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e outros deputados e deputadas, sobre **"as axudas establecidas pola Xunta de Galicia destinadas a sufragar os gastos causados pola enfermidade da flavescencia dourada nas vides"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"As medidas de control son as establecidas na Resolución do 9 de novembro de 2023, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se declara a presenza da praga de corentena denominada Flavescencia dourada da vide, se establece a zona demarcada para esta praga e se adoptan medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOG núm. 219 o día 17.11.2023.

As medidas recollidas nesta resolución administrativa son as establecidas no Regulamento de execución (UE) 2022/1630 da Comisión, do 21 de setembro de 2022 polo que se establecen medidas para a contención de Grapevine flavescence dorée phytoplasma en determinadas zonas demarcadas e recollidas no correspondente Plan Nacional de Continxencia que para o caso de Galicia están adaptadas no correspondente Plan de Acción de Flavescencia Dourada Galicia 2024.

As medidas agrúpanse en 3 medidas obrigatorias para os titulares de parcelas afectadas e 7 medidas obrigatorias para os operadores profesionais e viveiros produtores/comercializadores de plantas do xénero Vitis sp.

Todas as medidas de control sobre esta praga de corentena son realizadas polos servizos oficiais de sanidade vexetal da Xunta de Galicia e polos seus medios propios, servizos territoriais de Pontevedra e Ourense, coordinados polos servizos centrais.

Os viticultores con cepas positivas en parcelas afectadas son notificados polos servizos territoriais segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A/s planta/s declaradas oficialmente positivas/sintomáticas en FD atópanse identificadas cun precinto oficial.

Os titulares de vides positivas están obrigados a cumprir coas medidas de erradicación indicadas no punto 3 da dita Resolución:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



a) Eliminar, baixo control oficial, tódalas plantas de vide confirmadas como infestadas por Flavescencia dourada, e tódalas plantas sintomáticas da mesma parcela, no prazo máximo de 20 días dende a recepción da notificación.

b) Eliminar tódalas plantas da parcela ao superarse o 20% de plantas sintomáticas.

c) Aplicar tratamentos fitosanitarios con insecticidas autorizados en tódalas plantas da parcela infestada nun prazo máximo de 10 días. Seguiranse as indicacións publicadas na páxina web da Consellería do Medio Rural. Os tratamentos deberán anotarse no caderno de explotación ou similar.

Transcorrido ese prazo, o persoal oficial visita a parcela para comprobar a arrinca e, no caso de que non se teña eliminado a planta positiva, é de aplicación o réxime sancionador da Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Durante o ano 2024 estanse a realizar controis para comprobar se os viticultores están a aplicar os tratamentos insecticidas obrigatorios segundo a Resolución do 9 de novembro de 2023. Os servizos provinciais seleccionan os titulares aos que realizar os controis, profesionais e non profesionais, en función dos datos de capturas de adultos de *Scaphoideus titanus*, vector da flavescencia. Requirise por escrito aos titulares a achega dos rexistros dos tratamentos e no caso de non aplicarse poderase iniciar un expediente sancionador.

Nas zonas vitícolas abundan os exemplares illados de rebrote natural en cómaros, beiras e lindeiros, plantas en bordes de camiños que forman parte da vexetación adventicia sen identificación rexistral. Nas parcelas identificadas como abandonadas faise investigación veciñal para tratar de descubrir a titularidade e consecuentemente facer as notificacións oficiais. Completar esta labor, na idiosincrasia do rural galego, con titularidades ou herdanzas descoñecidas, dificulta o cumprimento das medidas obrigatorias.

O rexistro vitícola actualmente non dispón de datos actualizados de parcelas abandonadas, polo que no Plan de Acción 2024 inclúese un apartado de control sobre estas. Se no transcurso das prospeccións o persoal inspector detecta parcelas abandonadas comunica este feito ao Servizo de Explotacións Agrarias que notifican ao titular a obriga de poñer en produción a parcela ou de proceder a súa arrinca.

A monitorización nas zonas tampón consiste na disposición dunha rede de trampeo e de inspección visual para a detección de exemplares sintomáticos. A sintomatoloxía desta enfermidade pode ser confusa ao mostrar efectos similares a outros problemas sanitarios da vide. Ademais, exemplares aparentemente afectados de flavescencia e sintomatoloxía compatible coa enfermidade poden resultar ser negativos ao fitoplasma e pola contra outros con aparencia sa e sen síntomas compatibles poden ter resultados analíticos positivos”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:17:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29684
Data envío: 29/07/2025 09:17:28.680

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 6315**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"o prazo para a posta en funcionamento da base da unidade operativa (BUO) dos equipos de extinción de lumes situada no concello de Rianxo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A obra iniciouse o día 15 de maio de 2023, pouco tempo despois de obter a licencia de obra. Por diversas razóns técnicas, houbo unha modificación da estrutura respecto do proxecto inicial, o que implicou un recálculo da estrutura e demora conseguinte. Ao tempo, os episodios inusuais de precipitacións ocasionaron uns datos de humidade na madeira que ralentizaron de xeito importante a instalación da estrutura.

No ano 2023 levouse a cabo o levantamento da estrutura e executouse cuberta e fachada, co cal quedou rematada exteriormente quedando pendente de finalizar os traballos interiores.

Tendo en conta que estas obras ían finalizar en 2023 pero non foi posible rematalas polas circunstancias sobrevidas comentadas durante o seu desenvolvemento, foi necesario tramitar unha modificación orzamentaria que permitira dispor no orzamento vixente da contía necesaria para asumir con fondo propio o custo das obras.

Pola confluencia destas causas non foi posible aprobar a ampliación do prazo de execución ate dispor do orzamento necesario para actualizar os compromisos de gasto. Con data 31 de maio de 2024 aprobouse a conseguinte modificación orzamentaria, polo que a Dirección Xeral de Defensa do Monte xa dispón do crédito necesario para completar a execución das obras que, por outra banda é posible porque os elementos estruturais da obra suxeitos a medicións de humidade recuperaron os parámetros que permiten darlle continuidade dos traballos.

Está previsto que rematen as obras antes do final do presente ano 2024 e entrarán en funcionamento no primeiro trimestre do vindeiro ano 2025".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:17:16



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 6334**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para acometer as melloras no regadío do Val de Lemos, no sur da provincia de Lugo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O réxime xurídico dos regadíos galegos vén dado pola lei que os declarou de interese xeral, que é sempre unha norma estatal, non autonómica. Galicia ao respecto non ten regulación, aínda que podería en virtude do artigo 148.10 da Constitución Española.

A regulación, por tanto dos regadíos, é estatal; para os máis antigos como o regadío de Val de Lemos (Monforte e Bóveda en Lugo) vén dada pola *Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, texto aprobado polo decreto 118/1973*, do 12 de xaneiro, que refunde a normativa en materia de reforma e desenvolvemento agrario. O Decreto 3125/66 declaraba de alto interese nacional a colonización da zona regable de Valle de Lemos. Este proxecto contemplaba a posta en rega dunhas 4.875 has dos concellos de Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón e Sober, a partir de augas fluíntes do río Cabe e augas reguladas do río Mao.

Todas as cuestións relativa o regadío dependen por tanto do goberno central e non deste goberno.

Decretar unha concentración parcelaria non é un obxectivo práctico para os regantes, pois existen outros instrumentos de ordenación e recuperación da terra máis áxiles e efectivos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:17:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29680
Data envío: 29/07/2025 09:17:05.248

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 6345**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"o balance que o Goberno galego fai respecto do cumprimento do Plan estratéxico de actuación integral para a recuperación, dinamización e valorización territorial da área sur-oriental de Ourense para a mellora da resiliencia do territorio fronte ao lume e para súa dinamización turística"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Para levar a cabo este Plan estratéxico asinouse un convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia Xustiza e Turismo (a través da Axencia Turismo de Galicia), a Consellería de Medio Rural (a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias), a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), a Deputación De Ourense e os Concellos de Cualedro, Monterrei, Oímbra, Verín, Laza, Castrelo Do Val, Vilardevós, Riós, A Gudiña, A Mezquita e a Fundación Juana De Vega.

O obxecto do convenio era establecer as condicións para levar a cabo as actuacións necesarias para a elaboración dun plan de actuación integral para a recuperación, dinamización e valorización territorial do ámbito dos concellos da área sur oriental da provincia de Ourense afectadas por incendios forestais para a mellora da resiliencia do territorio fronte ao lume e a súa dinamización turística. Co fin de orientar as actuacións de todos os socios do convenio cara ao desenvolvemento rural destes ámbitos territoriais, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dirixiu e coordinou os traballos técnicos destinados á planificación dos usos e actividades do territorio e ao deseño das liñas ou eixos estratéxicos do plan.

O Plan servirá de base para levar actuacións concretas a desenvolver nos vindeiros anos nos concellos afectados, así como os compromisos de cada unha das partes asinantes, co fin de aproveitar as sinerxías entre as actuacións que se recollan no Plan, para poder executar actuacións concretas, os concellos deberán comprometerse a establecer como prioritarias aquelas que sexan acordades e coherentes coas liñas estratéxicas programadas no Plan, ben sexa dentro das súas propias iniciativas ou no marco das súas solicitudes de axudas e subvencións que formulen ás distintas convocatorias abertas pola Xunta de Galicia".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:16:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29678
Data envío: 29/07/2025 09:16:53.905

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 6506**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"a execución do orzamento dotado para equipar o Banco de Xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 6504 e debatida na Comisión 7ª do día 27 de setembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDlhNDg5NGYtYTFkYi00Mjg2LTk0MDctNmE1M2MzOGNlMGY4>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:16:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29677
Data envío: 29/07/2025 09:16:48.445

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 593**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **“as medidas que pensa adoptar o Goberno galego ante a incidencia da enfermidade hemorráxica epizootica canto á activación de plans de control e de detección así como á indemnización aos gandeiros afectados”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“As primeiras explotacións galegas con animais sintomáticos detectáronse a finais de setembro nos concellos de A Capela e Abegondo na provincia de A Coruña.

Existe unha opinión científica maioritaria que sobre a inexistencia dun patrón máis o menos común de afectación dos animais. Este comportamento dispar da EHE foi constatado tras os estudos realizados en todo o Estado no primeiro trimestre de 2024. No caso da Comunidade Autónoma de Galicia o estudo realizouse na provincia da Coruña (a máis afectada das 4 provincias galegas) e amosou uns resultados estimados de seroprevalencia dun 52% a nivel explotación e dun 34% a nivel de animal individual. Polo tanto, un 48% das explotacións galegas non tiveron contacto co virus na tempada 2023-2024 e dentro das que si o tiveron, o 66% dos animais non presentaron inmunidade natural postinfección.

Este escenario en Galicia é altamente preocupante de cara á tempada 2024-2025, cun elevado número de explotacións e de censo de animais susceptibles de infección e consecuentemente de sufrir enfermidade clínica e afectacións produtivas. Faise polo tanto preciso a existencia dunha estratexia común a nivel do Estado en resposta a esta enfermidade, que contemple un maior coñecemento acerca da epidemioloxía e comportamento da enfermidade, o establecemento de medidas preventivas, fundamentalmente o desenvolvemento de vacinas, así como establecer medidas de compensación aos gandeiros afectados.

Por outra banda, a experiencia que está a sufrir o sector gandeiro de gando bovino en España pola EHE demostra a necesidade de dispoñer a nivel nacional de protocolos de actuación ante alertas sanitarias cada vez máis frecuentes e que supoñen un risco enorme para o sector gandeiro. Estes protocolos de actuación deben contemplar todas as medidas preventivas posibles tanto na aparición de casos como na súa diseminación polo territorio e minimizar o impacto destas novas patoloxías no caso de que se presenten.

En todo caso, debe valorarse que o MAPA mantivo contactos permanentes coas Comunidades Autónomas en relación á EHE, tanto no 2023 como no 2024, a través de reunións cos xefe de Servizo de Sanidade Animal, así como cos Directores Xerais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Deste xeito, o 17/01/2024, a instancias do MAPA, reuniuse o Comité de Alerta Sanitaria Veterinaria (RASVE) establecido no Real Decreto 1440/2001, que é o órgano de coordinación a nivel nacional en materia de sanidade animal, e que está conformado polo Director Xeral de Sanidade da Produción Agroalimentaria e Benestar Animal (MAPA) e as persoas Directoras Xerais responsables de sanidade animal das Comunidades Autónomas.

Por outra banda, os días 9 e 10/04/2024 celebrouse unha nova reunión do Comité RASVE, no que a Dirección Xeral do MAPA presenta os últimos datos sobre a situación da EHE en España, incluíndo os resultados dos estudos de seroprevalencia. A conclusión dos estudos foi que é previsible que a EHE cause en xeral en España un menor impacto en 2024 que o ano anterior, pero isto dependerá da zona: onde o virus circulou máis en 2023, prevese menos impacto, pero circulou pouco pode haber maior impacto (principalmente en determinadas zonas del norte y este peninsular).

En relación á vacina, o MAPA trasladou que os laboratorios seguen traballando no seu desenvolvemento, estando previsto que estea dispoñible para despois do verán. En todo caso, non está previsto establecer a vacinación obrigatoria fronte á EHE, senón que a vacina estará a disposición dos gandeiros que a desexen aplicar nas súas granxas.

En canto ás indemnizacións, a EHE está incluída dentro das Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades (procedemento MR553C da sede electrónica da Xunta de Galicia)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:15:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29675
Data envío: 29/07/2025 09:15:38.106

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 943**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outras deputadas, sobre **"as novidades que trae o novo período da Política Agraria Común (PEPAC 2023-2027) e as medidas da Xunta de Galicia para que esta reforma non produza perdas nas axudas ás explotacións galegas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Na campaña 2023 cóntanse 22.852 solicitudes de ecorréximes en 16.746 expedientes (hai solicitantes que pediron varias liñas de ecorréximes).

| Liña Axuda | Solicitudes |
|---|-------------|
| Pastoreo extensivo | 10.551 |
| Sega sostible | 1.746 |
| Marxes ou Illas de biodiversidade en pastos | 3.598 |
| Sementeira directa | 14 |
| Rotación de cultivos con especies mellorantes | 6.057 |
| Cuberta vexetal espontánea ou sementada | 698 |
| Cuberta inerte de restos de poda | 18 |
| Espazos de biodiversidade | 170 |

A tramitación xeral dos expedientes está finalizada e as persoas beneficiarias recibirán os días 20 e 21 de xuño as transferencias dos importes das axudas.

Os importes unitarios previstos inicialmente e os finalmente establecidos polo Fondo Español de Garantía Agraria mediante comunicación oficial do 10/05/2024, son os seguintes:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



| Ecorrégimen | | | | IMPORTES UNITARIOS DEFINITIVOS (€/ha) | | | | |
|--|--|--------------------|--------------------|---------------------------------------|----------------|-------------|----------------|------------|
| | | | | Tramo 1 | | Tramo 2 | | |
| | | | | umbral (ha) | importe (€/ha) | umbral (ha) | importe (€/ha) | |
| Agricultura de carbono y agroecología: Pastoreo extensivo, siega y biodiversidad en las superficies de Pastos Húmedos | | | | 62,16 | ≤ 65 | 51,134820 | >65 | 43,510000 |
| Agricultura de carbono y agroecología: Pastoreo extensivo, siega y biodiversidad en las superficies de Pastos Mediterráneos | | Peninsular | 40,96 | ≤ 95 | 33,695016 | >95 | 27,190000 | |
| | | Insular | 62,96 | ≤ 95 | 55,695016 | >95 | 49,190000 | |
| Agricultura de carbono y agroecología: Rotaciones y siembra directa en tierras de cultivo de secano | | Peninsular | Sin plurianualidad | 47,67 | ≤ 70 | 47,670000 | >70 | 36,905197 |
| | | | Con plurianualidad | 72,67 | ≤ 70 | 72,670000 | >70 | 61,905197 |
| | | Insular | Sin plurianualidad | 75,67 | ≤ 70 | 75,670000 | >70 | 64,905197 |
| | | | Con plurianualidad | 100,67 | ≤ 70 | 100,670000 | >70 | 89,905197 |
| Agricultura de carbono y agroecología: Rotaciones y siembra directa en tierras de cultivo de secano húmedo | | Sin plurianualidad | 85,72 | ≤ 30 | 70,516036 | >30 | 49,361225 | |
| | | Con plurianualidad | 110,72 | ≤ 30 | 95,516036 | >30 | 74,361225 | |
| Agricultura de carbono y agroecología: Rotaciones y siembra directa en tierras de cultivo de regadío | | Peninsular | Sin plurianualidad | 151,99 | ≤ 25 | 139,525998 | >25 | 97,668199 |
| | | | Con plurianualidad | 176,99 | ≤ 25 | 164,525998 | >25 | 122,668199 |
| | | Insular | Sin plurianualidad | 231,99 | ≤ 25 | 219,525998 | >25 | 177,668199 |
| | | | Con plurianualidad | 256,99 | ≤ 25 | 244,525998 | >25 | 202,668199 |
| Agricultura de carbono: Cubiertas vegetales y cubiertas inertes en cultivos leñosos en terrenos llanos (pendiente inferior al 5 %) | | Peninsular | Sin plurianualidad | 61,07 | ≤ 15 | 61,070000 | >15 | 61,070000 |
| | | | Con plurianualidad | 86,07 | ≤ 15 | 86,070000 | >15 | 86,070000 |
| | | Insular | Sin plurianualidad | 101,07 | ≤ 15 | 101,070000 | >15 | 101,070000 |
| | | | Con plurianualidad | 126,07 | ≤ 15 | 126,070000 | >15 | 126,070000 |
| Agricultura de carbono: Cubiertas vegetales y cubiertas inertes en cultivos leñosos en terrenos de pendiente media (pendiente igual o mayor al 5 % e inferior al 10 %) | | Peninsular | Sin plurianualidad | 113,95 | ≤ 15 | 113,950000 | >15 | 113,950000 |
| | | | Con plurianualidad | 138,95 | ≤ 15 | 138,950000 | >15 | 138,950000 |
| | | Insular | Sin plurianualidad | 177,95 | ≤ 15 | 177,950000 | >15 | 177,950000 |
| | | | Con plurianualidad | 202,95 | ≤ 15 | 202,950000 | >15 | 202,950000 |
| Agricultura de carbono: Cubiertas vegetales y cubiertas inertes en cultivos leñosos en terrenos de elevada pendiente y bancales (pendiente igual o mayor al 10 %) | | Peninsular | Sin plurianualidad | 165,17 | ≤ 15 | 165,170000 | >15 | 115,619000 |
| | | | Con plurianualidad | 190,17 | ≤ 15 | 190,170000 | >15 | 140,619000 |
| | | Insular | Sin plurianualidad | 253,17 | ≤ 15 | 253,170000 | >15 | 203,619000 |
| | | | Con plurianualidad | 278,17 | ≤ 15 | 278,170000 | >15 | 228,619000 |
| Agroecología: Espacios de biodiversidad en tierras de cultivo y cultivos permanentes | | | | 56,04 | | 46,100311 | | 46,100311 |
| Agroecología: Espacios de biodiversidad en cultivos bajo agua | | | | 156,78 | | 156,780000 | | 156,780000 |

A Xunta solicitou que se incluíran na reforma do PEPAC novos ecorréximes mais adaptados ás condicións edafoclimáticas do agro galego e concentrou o esforzo en pedir tamén mais flexibilizacións nas prácticas P1, P2 e P3 que son as que poden encaixar no noso tipo de explotacións co obxectivo de que despois da reforma poidan acollerse a estas axudas un maior número de produtores galegos.

A Xunta non é competente para establecer unha distribución distinta á reflectida no PEPAC dos fondos FEAGA, que son cos que se financian estas axudas.

A efectos burocráticos e administrativos, a aplicación destas medidas non é menos novidosa para os traballadores do sector público que para os propios beneficiarios das axudas, e sufriron igualmente os vaivéns, retrasos normativos e indefinicións da primeira campaña de aplicación. Compre lembrar a dependencia do FOGGA, para a xestión das axudas directas, das directrices do FEAGA, Organismo encargado da coordinación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-OkpatTOU0k-5
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



O propio Fega publicou unha nota informativa o 27/10/2023 da que se reproduce unha parte:

“3.- En este ejercicio, primer año de aplicación de la nueva PAC, se amplió el plazo de solicitud de las ayudas hasta el 30 de junio para que se pudieran tramitar todas las peticiones de agricultores y ganaderos, lo que ha conllevado la reducción de los plazos para las administraciones para la realización de un gran número de tareas, necesarias en este primer año de aplicación de una nueva PAC”.

A Xunta de Galicia a través dos traballadores e representantes públicos participou activamente en todos os grupos de traballo realizados polo FEGA expoñendo toda a problemática e as dificultades de aplicación dos ecorrécimes na nosa Comunidade, e traballou arreo para evitar expedientes de reintegro, expedientes sancionadores ou denegacións de axudas que puideran causar graves prexuízos aos solicitantes.

En definitiva, non se pagaron ata o de agora os ecorrécimes porque:

O tempo dispoñible debido ao retraso xeneralizado da tramitación investímolos en pagar as liñas cunha xestión máis fácil.

Ata fai pouco estiveron detectando fallos na monitorización dalgunha práctica para os que a Plataforma (ferramenta desenvolvida polo FEGA) non nos deu unha solución ata o mes de maio.

Recibimos os importes unitarios definitivos en comunicación oficial do 10/05/2024.

En calquera caso, estamos dentro do prazo normal de pago xa que segundo o artigo 118.1 do Real Decreto 1048/2022 de 27 de decembro:

*“1. Con carácter general, los pagos del saldo correspondientes a los pagos directos regulados en el título III y las intervenciones de desarrollo rural asimiladas al SIGC se efectuarán entre el **1 de diciembre** del año de presentación de la solicitud única y el **30 de junio** del año natural siguiente.”*

As persoas beneficiarias recibirán os días 20 e 21 de xuño as transferencias dos importes destas axudas, dentro do prazo normal de pago establecido no artigo 118.1 do Real Decreto 1048/2022 de 27 de decembro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:15:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29672
Data envío: 29/07/2025 09:15:19.227

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 1083**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **“as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ante a situación xerada nos sectores agrarios da Limia polo exceso de chuvias das últimas semanas e os consecuentes e graves prexuízos nas colleitas”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 1079 e debatida na Comisión 7ª do día 23 de maio de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmFhMDI4ZDEtYzUzMS00N2Y1LThlZWMTMzMwNGIxMGJmNjMy>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:13:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29660
Data envío: 29/07/2025 09:13:23.461

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Corrección de erros

En relación coa documentación número **2166** con número de rexistro de entrada no Parlamento 29282 polo que se da traslado dunha pregunta oral na Comisión 7ª convertida a escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024.

Advertido un erro na devandita documentación, é necesario efectuar a seguinte corrección:

Onde di: En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 2166, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outras deputadas, sobre **”as principais ameazas aos valores naturais dos espazos da Rede Natura detectadas nos estudos encargados pola Xunta de Galicia, así como sobre as medidas que adoptou e o investimento que destinou para mellorar o seu estado de conservación”**.

Debe dicir: En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 2166, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outras deputadas, sobre **“ a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que as persoas titulares de explotacións agrarias contén coa opción de realizar os seus trámites coa Administración de forma presencial con independencia da opción telemática”**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
29/07/2025 09:20:53



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:20:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29701
Data envío: 29/07/2025 09:20:55.859

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2397**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e don Secundino Fernández Fernández, sobre **“os problemas actuais da viticultura da Ribeira Sacra e as accións que pensa poñer en marcha a Xunta de Galicia orientadas a axudar o sector”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O sector vitivinícola da Unión Europea conta cunha intervención propia dentro do PEPAC 2024-2027, denominada Intervención Sectorial Vitivinícola (ISV 2024-2027). A ISV está regulada en España a través do RD 905/2022, do 25 de outubro, polo que se regula a Intervención Sectorial Vitivinícola no marco do PEPAC.

O ISV financia as seguintes actuacións a través do FEAGA:

- Reestruturación e reconversión de viñedo
- Investimentos materiais e inmateriais
- Destilación de subprodutos
- Promoción e comunicación levadas a cabo en terceiros países
- Colleita en verde

Por outra banda, o sector está moi regulado dentro da Unión, de xeito que a plantación de novos viñedos está limitada á disposición das correspondentes autorizacións, consonte a actual organización común de mercados. Neste contexto, a Consellería do Medio Rural conta co Rexistro vitivinícola, no que se recolle a información das parcelas de viñedo da nosa comunidade autónoma. Actualmente está a sufrir un proceso de modificación e actualización.

En canto á destilación de crise, houbo algunha denominación de orixe que se interesou por esta medida para parte da súa produción de viño tinto. Esta medida ten que ser autorizada polo Ministerio de Agricultura, ó que xa se solicitou a autorización”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29657
Data envío: 29/07/2025 09:13:07.002

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:13:06

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3038**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **“o alcance que está tendo a praga de rata toupa na montaña luguesa, a eficacia das medidas tomadas ata agora e a suficiencia das axudas concedidas aos afectados”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 3037 e debatida na Comisión 7ª do día 19 de marzo de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDhlyzEyMzgtMjRjMCO0NWE2LTg5YmEtMDNmYWVjNjRlNjQ5>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29654
Data envío: 29/07/2025 09:12:49.834

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:12:49

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3059**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, don Secundino Fernández Fernández e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"a xestión prevista pola Xunta de Galicia na campaña de vacinación do gando fronte á enfermidade da lingua azul, a información que recibirán os gandeiros e as eventuais indemnizacións aos afectados"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 3058 e debatida na Comisión 7ª do 23 de maio do 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión poder ser consultada na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmFhMDI4ZDEtYzUzMS00N2Y1LTlhZWmtMzMwNGIxMGJmNjMy>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:12:38



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 4193**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e outros deputados e deputadas, sobre **“a situación en Galicia da praga da avésa asiática e o balance do traballo que leva a cabo a sociedade pública Seaga en relación co seu control e neutralización”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 2929 e debatida na Comisión 7ª do 23 de maio de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre algunhas das cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmFhMDI4ZDEtYzUzMS00N2Y1LThlZWMTMzMwNGIxMGJmNjMy>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:11:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29650
Data envío: 29/07/2025 09:11:50.982

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 4442**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a repartición territorial dos medios de loita contra os incendios forestais e a reestruturación dos distritos forestais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Na exposición de motivos da pregunta, indícase que "na provincia de Ourense, e malia presentar o 41 % dos lumes e o 59 % da superficie total queimada en Galicia nos últimos 10 anos, o reparto de brigadas proposto pola Xunta atribúelle a esta provincia unicamente o 30 % das brigadas existentes, porén, e segundo o modelo, debería corresponderlle o 43 %, e a esta provincia xunto coa de Pontevedra os dous terzos das brigadas, cun incremento porcentual similar ao anterior." De acordo coa actualización do ano 2024 do Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia, todos os datos son falsos. A provincia de Ourense representou o 38% dos lumes dos últimos 10 anos e a Xunta de Galicia atribúelle o 32% das brigadas existentes, contando as brigadas conveniadas. Por outra banda, a provincia de Ourense representa o 55% da superficie queimada de Galicia.

Por último, a proposta de adicar dous terzos das brigadas ás provincias de Ourense e Pontevedra, significaría que se adicaría un terzo das brigadas ás provincias da Coruña e Lugo, que ocupan o 61% do territorio de Galicia.

A ubicación dos recursos humanos, fixada na correspondente Relación de Postos de Traballo (RPT), obedece tres parámetros fundamentais:

- A) Á evolución e incidencia histórica do risco de incendio, tal e como se aprecia no apartado 3.6.3.2 do Pladiga 2024 (páxinas 54 e seguintes da memoria).
- B) Á necesidade de dispoñer dos medios suficientes distribuídos por todo o territorio para atender as emerxencias 24x7.
- C) A grande mobilidade destes recursos durante as súas quendas de traballo. Os límites administrativos non son en absoluto barreiras físicas para o desprazamento destes recursos.

A reestruturación dos distritos forestais terá lugar no momento que, no exercicio do dereito da auto organización interna que rexe a función pública, así o decida a Consellería do Medio Rural, que é o órgano competente na prevención e extinción de incendios forestais de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O reparto de medios persoais e recursos aparece reflexado no anexo 3 das actualizacións anuais do Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga).

Non se poden modificar as Relacións de Postos de Traballo cada ano atendendo só ás incidencias de incendios. Por exemplo, o ano pasado a superficie queimada na provincia de Lugo supuxo o 72% de toda a superficie queimada en Galicia, tal e como aparece recollido no apartado 3.6.1 do Pladiga 2024, e non por iso se modifica a RPT”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:11:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29648
Data envío: 29/07/2025 09:11:37.332

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 4568**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a eventual realización dun balance das políticas desenvolvidas en materia de incendios forestais e o tipo e a distribución das medidas preventivas desde 2023 ata a actualidade, así como sobre os orzamentos dedicados"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A análise de resultados obtidos, tanto dende o punto de vista da prevención como da extinción de incendios forestais é unha labor continua, que se ven realizando durante todos estes anos e que da lugar, de xeito interno, a novas propostas de actuación que permitan mellorar os mesmos.

A día de hoxe a administración dispón e está procesando milleiros de datos obxectivos, numéricos, cartográficos, meteorolóxicos, de estratexias e tácticas e dende todos os puntos de vista técnicos do que aconteceu, do que podería ter acontecido de non actuar e de que facer para que non volva a acontecer ou, de ser imposible, minimizar o efecto dos incendios. Para iso empregáronse medidas de todo tipo, dende legais, de planificación e de execución de medidas a levar a cabo a curto e medio prazo.

Estanse a analizar todos eses datos e variables, focalizando os estudos analíticos e de reconstrución nos grandes incendios forestais, como en anteriores ocasións.

Para esta análise hai que resaltar o aumento continuado do investimento na formación, especializada nas diversas categorías, que permite tamén contrastar diferentes puntos de vista.

Os resultados son obxecto de presentación e debate no parlamento e no Consello Forestal de Galicia, aínda que calquera debate que permita unha análise do traballo realizado e unha proposta de mellora non supón ningunha traba para esta consellería.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte establece anualmente o plan de prevención, que se inclúe dentro do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (PLADIGA), de acceso público e no que pode consultar, por provincia, a planificación de actuacións e o seu orzamento desagregado.

As distintas actuacións que se poden realizar, tanto ás dirixidas á poboación como ás enfocadas sobre o territorio se poden e se deben realizar durante todo o ano, seleccionando ben en función da época o tipo de labor preventiva a realizar, evitando lóxicamente actividades que poidan supoñer un risco de inicio de incendio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A planificación ademais pode abarcar máis dun ano, establecendo prioridades e marcos temporais para o mantemento de infraestruturas preventivas. Neste eido da prevención, esta planificación é fundamental, sendo conscientes de que hai medidas que darán os seus froitos a medio e longo prazo.

Ademais do comentado no apartado anterior respecto da consulta do plan de prevención desta dirección xeral, cunha serie de actuacións alí incluídas que se poden considerar como silvicultura preventiva (traballos con medios propios, certos casos de áreas cortalumes...), hai que considerar principalmente os traballos programadas pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29645
Data envío: 29/07/2025 09:11:20.261

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:11:19

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 4876**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a posibilidade de que o Goberno galego valore unha reformulación do modelo organizativo dos dispositivos de prevención e extinción de incendios forestais e as dificultades dos concellos na formación das brigadas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 4874 e debatida na Comisión 7ª do 19 de xuño de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A Comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzRhYTA3ZTItZDU4NS00ZGlyLTkxM2EtYzFmNmE0MzQ2YTBh>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:11:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29644
Data envío: 29/07/2025 09:11:14.440

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5015**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Secundino Fernández Fernández e outras deputadas, sobre **"o estado en que está a planificación da formación continua agroforestal neste ano 2024, os centros e organismos que impartirán esta formación e o acceso dos titulares de explotacións á formación exixible pola propia Consellería do Medio Rural"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A formación, como a maioría dos ámbitos de actuación desta Consellería, debe planificarse e articularse do mellor xeito posible, poñendo a disposición do agro galego o coñecemento máis actual. Pero esta importantísima labor formativa debe basearse nas necesidades detectadas e transmitidas polos distintos elos da cadea produtiva agrogandeira, da produción primaria forestal e da propia industria agroalimentaria. E debe facerse de xeito coordinado, ordeado e facendo honor á importantísima función que a formación agraria representa para a nosa comunidade autónoma galega, polo que non debe tomarse ningunha decisión á lixeira e debe romperse coas fórmulas do pasado que demostraron non ser as máis axeitadas e que parece ser nas que están especialmente interesados en perpetuar.

É sumamente importante a experiencia e coñecemento adquirido na xestión e implementación das mellores ferramentas para conseguir estes obxectivos, e que ten adquirido ao longo do tempo o actual órgano xestor da Formación Continua a través do Plan de Formación Continua ao agro galego. Non só importa a anualidade 2024 como se apunta nas preguntas trasladadas, senón que é preciso vertebrar un plan integral que abrangue todo o período de vixencia da nova PEPAC, tendo conta de que os fondos que o sustenta son FEADER, pero baixo as novas regras de xogo que non sempre son coincidentes coas do anterior período do PDR.

Facendo un repaso rápido ao Plan de Formación continua do Agro Galego no período 2019-2023, máis do 70% das actividades que foron solicitadas para impartición foron desenvolvidas polas unidades da propia AGACAL, tanto Centros de Formación e Experimentación Agraria como os propios Centros de Investigación, sendo impartidas dende as Oficinas Rurais entorno ao 20% e o restante porcentaxe por parte de outras unidades da administración. Isto supuxo un total de 2.613 actividades que permitiu a formación de máis de 28.000 alumnos e a xustificación de preto de 1,8 millóns de euros de fondos FEADER. Deles uns 20.000 alumnos recibiron a formación directamente a través das unidades AGACAL.

Non obstante a pesar do importante número de alumnos que foron receptores destas actividades formativas, detectouse un alto porcentaxe de inexecución por moi diversos motivos, pero que chegaba a superar o 50% dos fondos aprobados para

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



executar nas accións solicitadas seguindo o esquema polo que se inquire nas preguntas. Esta realidade indicaba a necesidade de deseñar un plan formativo máis eficiente e eficaz no uso dos recursos públicos posto que o esforzo inversor en formación do sector primario non estaba a repercutir nunha mellora significativa do sector.

A pesares dos esforzos do órgano xestor destes fondos FEADER e da Consellería do Medio Rural no seu conxunto, cando se pulsaba a realidade a través do deseño das Estratexias sectoriais que puxo en marcha a Consellería nestes últimos anos, como a do Leite, a do sector cárnico ou o da horta, seguía existindo unha demanda por parte dos actores que formaban parte do tecido destes sectores (agricultores, gandeiros, silvicultores, asociacións, cooperativas, distribuidores, industrias agroalimentarias, etc) de formación especializada, máis aló dos planes formativos da rama agraria, tanto universitarios como da formación profesional.

Adicionalmente, na anualidade 2024 se da a circunstancia da necesidade de cambio e adaptación dende un PDR da Comunidade Autónoma de Galicia a unha PEPAC centralizada na que se teñen que integrar as comunidades autónomas e que supón cambios importantes tanto na súa planificación como na implementación da súa xestión.

A adaptación ao novo escenario PEPAC supuxo a necesidade de implementar un novo Plan Marco para a Intervención 7201 que nesta nova tesitura supoñía que a Formación continua pasaba a ser unha subintervención (7201_01) pero que ademais viña acompañada doutras subintervencións de grande importancia complementaria e que incluía a 7201_02 de campos de demostración, a 7201_03 de transferencia de coñecementos, a 7201_04 de visitas, a 7201_05 de intercambios ou a 7201_06 de Formación de asesores, có que o apartado da formación continua debía ser tratado e incluído no conxunto da Intervención.

A posta en marcha dun novo período e o cambio de fondos FEADER baixo xestión PDR a PEPAC non é unha cuestión baladí e implica a interpretación da normativa na que debe enmarcarse así como a posta en marcha dun novo Plan marco para o conxunto da Intervención, novas circulares adaptadas, plans de controis, etc. e todo elo cós medios dispoñibles para a xestión do día a día no seno da AGACAL e coa conformidade, supervisión e axuda de todos os departamentos implicados directamente na xestión dos fondos FEADER, particularmente a Autoridade de Xestión dentro da Consellería do Medio Rural.

Exposta a situación de partida e sendo coñecedores da ineficiencia e ineficacia dos sistema de formación que existiu ata a data e baseado na experiencia previa acumulada durante o período de xestión do PDR neste eido, decidiuse facer un novo enfoque cun deseño que mellorase a eficiencia e eficacia dos orzamentos públicos asignados para este fin e que suplira as eivas detectadas do sistema anterior e no que seguen ancladas as preguntas polas que se cuestiona. Este deseño supón un cambio por completo do enfoque que tradicionalmente foi coñecido como o Plan de Formación Continua anual e pasa a ter unha dobre vertente:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- Formación habilitante
- Formación continua non habilitante

1. Formación habilitante.-

Vense de tramitar un incremento orzamentario respecto do inicialmente previsto para acadar un importe de 215.000 € destinados a este fin e, segundo se reciba a preceptiva autorización, estarase en disposición de activar a formación habilitante impartida por esta Consellería e que se vehiculará preferentemente a través dos órganos especializados da Consellería do Medio Rural na impartición de formación como son os Centros de Formación e Experimentación Agraria dependentes de AGACAL. Se non hai retrasos alleos ao propio AGACAL, durante o mes de xullo comezarase coa impartición desta formación por parte das unidades dependentes de AGACAL.

É moi de salientar que a formación habilitante, ademais, pode ser impartida polas entidades colaboradoras en materia de formación autorizadas a través de AGACAL pola Consellería do Medio Rural para a impartición destas especialidades formativas. Nestes intres ata 13 entidades colaboradoras están rexistradas e autorizadas para a impartición en modalidade teleformación e 32 o están para a modalidade presencial, dato que pode ser consultado en aberto no buscador de entidades colaboradoras para impartir as actividades formativas en materia agraria cuxo link é o que segue: (<https://agacal.xunta.gal/gl/formacion/entidades-colaboradoras/inscripcion-de-entidades/agraria>). Calquera interesado pode acceder a esta información e, cando calquera destas 45 entidades habilitadas teñen rexistrado un número mínimo para impartir as especialidades formativas para as que están autorizadas, se así o estiman convinte, proceden á súa impartición có correspondente seguimento e control segundo as instrucións dispoñibles na páxina web da AGACAL (<https://agacal.xunta.gal>)

Para que elo fora posible AGACAL estableceu os correspondentes procedementos administrativos dispoñibles en sede electrónica (MR330C para inscrición de entidades colaboradoras, MR203A para a autorización para impartir cursos de manipulador aplicador de produtos fitosanitarios, MR330D para autorización para impartir actividades de formación continua, MR205A para autorización e rexistro de entidades que imparten cursos de formación en materia de benestar animal), ditando as correspondentes instrucións acaídas en cada caso.

Tamén AGACAL ven de poñer a disposición de alumnos e entidades colaboradoras os manuais técnicos de referencia coa materia que debe ser impartida como mínimo en cada especialidade formativa de benestar animal ou do persoal que manexe explotacións, establecendo o contido mínimo que tamén deberán impartir as entidades colaboradoras. Todo elo en aberto e a disposición de calquera interesado na páxina da AGACAL no apartado de Formación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Merece atención destacable o esforzo que AGACAL ten realizado para poñer a disposición do sector cursos a través dunha plataforma de teleformación propia para aplicador de produtos fitosanitarios, benestar animal ou para a formación de persoal que traballa con determinadas especies gandeiras, favorecendo a conciliación da vida familiar e facilitando a formación dende calquera lugar e en calquera momento que unha persoa interesada poida precisar.

Por todo elo, queda plenamente garantido o acceso de calquera interesado á formación esixible a través de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural e, dende o próximo mes, tras a adaptación ás novas condicións PEPAC, tamén a través das propias unidades especializadas na formación como son os Centros de Formación e Experimentación Agraria en consonancia coas necesidades comarcais detectadas e trasladadas a AGACAL e as súas unidades para cada un dos cursos habilitantes.

2. Formación continua non habilitante.

Como consecuencia do indicado no apartado introdutorio desta resposta, se deseñou unha nova estratexia formativa que pretende corrixir as eivas detectadas no anterior período e que supón a implementación dun acordo marco para a selección de provedores do servizo de organización e xestión de actividades de formación en materia agraria. Entre os grandes avances que suporá se atopa o seu deseño con carácter plurianual de xeito que a través desta modalidade poderase acadar ata o 31/12/2025.

Os sectores que se establecen como prioritarios para ser perceptores mediante este tipo de formación son o vacún de leite, vacún de carne, ovino e cabrún de carne, apicultura, outros sectores zootécnicos en extensivo, horta (incluída a pataca, a flor cortada e a planta ornamental), a viticultura, fruticultura non de casca (incluídos pequenos froitos e froitos tropicais), froiticulutra de casca (incluída a castaña, a noz e a abeleira), a olivicultura, a defensa do monte e xestión forestal, así como a industria relacionada coa artesanía alimentaria. Para elo, AGACAL desenvolveu unha serie de itinerarios formativos para tratar de dar cobertura a todas as necesidades detectadas e ao mesmo responder á reestructuración dos diferentes subsectores e ao nivel exixido, itinerarios que poden ser completados modularmente.

Este novo sistema de itinerarios modulares establece diversas tipoloxías de actividades formativas como son:

- a) Cursos.- Que versarán sobre os sectores prioritarios, estando cada curso integrado por diversos módulos didácticos e cunha importante carga formativa de carácter práctico.
- b) Talleres.- Que versarán sobre as temáticas de cada un dos módulos que integran os cursos
- c) Conferencias que estarán baseadas en contidos teóricos, pero orientadas aos aspectos máis innovadores de interese na agricultura, gandaría, industria agroalimentaria e cadea forestal-madeira.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Os módulos de cada unha das áreas prioritarias establecidas incluírán temáticas como a empresa agraria e a xestión de recursos humanos, prevención de riscos laborais, xestión técnico económica, sensibilización ambiental, sanidade, xenética, manexo, técnicas produtivas, etc. incluída a comercialización e rastrexabilidade.

Todo este enorme esforzo que se ten realizado por parte de AGACAL para conseguir unha formación eficiente e eficaz no emprego dos recursos públicos, neste caso dos fondos FEADER, e con impacto real que sexa verdadeiramente útil para correxir as eivas formativas detectadas nas distintas estratexias sectoriais promovidas pola Consellería do Medio Rural non se poñen en movemento da noite á mañá e precisan de tempo de planificación e tramitacións para a súa posta en marcha. Dende logo, pode supoñer un antes e un despois na xestión da formación agraria en Galicia, introducindo cambios substanciais fronte a modelos que non estaban dando os resultados desexados e nos que o grupo parlamentario que formula as preguntas parece querer seguir anclado.

Pero ademais é preciso o impulso e desenvolvemento dun plan formativo destinado aos técnicos e asesores das explotacións e negocios agrarios, para mellorar a súa competencia profesional e achegar os últimos coñecementos dispoñibles que á súa vez poidan ser transmitidos ao agricultor, ao gandeiro, ao silvicultor ou aos responsables das industrias agroalimentarias. Este plan formativo de técnicos asesores é complementario da Formación continua non reglada e tamén debe ser atendido axeitadamente, cuestión na que AGACAL ten desenvolvido un importantísimo esforzo nos últimos dous anos dende que se convertiu na entidade xestora de esta submedida.

Os tempos cambian, e é fundamental ter unha capacidade de adaptación ás novas situacións e os novos condicionantes como os que nos brinda a PEPAC, convertindo a prestación dos servizos públicos dende unha nova perspectiva nunha oportunidade de progreso e mellora para o agro galego, seguindo as propias demandas que dende o sector primario agrogandeiro, silvicultor e da industria agroalimentaria nos están a demandar.

O pasado 11 de xuño a Conselleira do Medio Rural anunciaba a posta en marcha dun novidoso e ambicioso Plan de formación, asesoramento e titorización para afianzar o futuro do rural galego e favorecer a remuda xeracional e AGACAL xogará un impotantísimo papel pola súa condición de xestor das intervencións da PEPAC asociadas a estes eidos e como coordinador do Sistema de Coñecemento e Innovación Agrario (SCIA) de Galicia, vertebrado a través das súas unidades xeradoras de coñecemento (Centros de Investigacións Agrarias, nomeadamente CIAM e EVEGA) e de transferencia deses coñecementos (Centros de Formación e Experimentación Agraria, CFEAs) e coa participación do resto das unidades polas que preguntan

Por todo elo, consideramos que o plan formativo polo que se pregunta está amplamente superado pola novidosa proposta formativa e tamén está perfectamente xustificada a súa implementación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Agora ben, os cambios para que saian ben deben ser axeitadamente planificados e levan o seu tempo de deseño e aplicación, do mesmo xeito que os resultados se acadan có paso do tempo e é preciso romper cós modelos que deixaron de funcionar hai tempo, adaptándose aos novos desafíos e necesidades trasladadas polo sector primario agrario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:10:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29642
Data envío: 29/07/2025 09:10:59.593

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5026**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros deputados e deputadas, sobre **“as medidas que o Goberno galego estima adecuadas e prevé para fomentar e impulsar a indicación xeográfica protexida Pan de Cea, especialmente as referidas aos problemas de remuda xeracional”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural** en colaboración ca **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego é moi consciente da importancia das denominacións de orixe (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) para o desenvolvemento rural. Son instrumentos que potencian as nosas producións alimentarias de calidade e que evitan que os produtos dun territorio que acadaron fama e reputación entre as persoas consumidoras poidan ser elaborados fóra dese territorio. Trátase así de que o valor engadido que xeren eses produtos quede no territorio tradicional de produción.

Por iso, nas liñas de actuación estratéxicas de actuación da Consellería do Medio Rural o apoio ás DOP e IXP é peza clave. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) inviste moitos recursos humanos e económicos na potenciación destes indicativos de calidade. Isto faino tanto con actuacións promocionais directamente realizadas pola Axencia (asistencia e organización de feiras e outros eventos, misións comerciais, campañas publicitarias, etc.) como financiando as que realizan os consellos reguladores, entre eles o Consello Regulador da IXP Pan de Cea.

Así, no orzamento de 2024 son máis de 4 millóns de euros os que se destinan as actuacións de promoción dos produtos de calidade a realizar directamente pola Agacal, que se suman aos máis de 4,7 millóns de euros para liñas de axudas relacionadas directamente co apoio ás DOP e IXP.

En particular, ao Consello Regulador da IXP Pan de Cea dende a Axencia Galega da Calidade Alimentaria aprobáronse en 2024 axudas por un importe total de 58.054 euros.

Tamén resulta de interese que a hostalaría e a restauración do territorio dunha indicación xeográfica ou dunha denominación de orixe se impliquen coa visibilización e o fomento deses produtos locais, e esa é unha liña de actuación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e dos consellos reguladores. O sector da hostalaría e a restauración en Cea ten un compromiso coa IXP, de xeito que é habitual que nos seus locais o pan que se poña sexa da localidade. Iso debería ser algo xeneralizado, e non só en Cea co pan, senón en toda Galicia cos produtos de cada zona.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



1. Como valora o retorno das xornadas de formación e/ou obradoiros de emprego?

A potencialidade que posúen os obradoiros de emprego é evidente ao respecto da mellora da empregabilidade das persoas, así como do reforzo das súas habilidades e competencias, cuxo obxecto é dar resposta ás demandas do mercado laboral e facilitar a inserción laboral e o emprego de calidade na nosa comunidade.

Como é sabido, os obradoiros poden ser promovidos polos concellos, mancomunidades de municipios e incluso entidades públicas dependentes, así como por entidades sen ánimo de lucro do sector forestal. A convocatoria de axudas pon o foco na formación forestal e nas iniciativas centradas na posta en valor das rutas do Camiño de Santiago ou nas áreas declaradas Reserva da Biosfera. Tamén nas propostas de concellos fusionados ou emprendedores e de actividades relacionadas coas TIC e coa economía dixital, así como relacionadas co tecido empresarial e coas posibilidades de inserción futura.

Desde 2009, son máis dun cento as persoas beneficiarias a través destes obradoiros tan só no termo municipal de San Cristovo de Cea, que, ata o momento, téñense centrado, de xeito particular, en albanelería, traballos forestais, xardinería, etc., primando aqueles que son levados a cabo en contornas rurais e favorecendo unha sinerxía entre as persoas participantes, ao optimizar de xeito notable as súas habilidades e posibilidades na busca de emprego e, por outro lado, as entidades, sexan concellos, mancomunidades ou outros organismos, cuxo beneficio está no propio traballo desempeñado polos obradoiros en cuestión.

2. Cantos relevos xeracionais da IXP Pan de Cea se xestionaron a través do Polo de emprendemento do Carballiño?

Á data de hoxe, a través do Polo de Emprendemento e Apoio ao Emprego do Carballiño (Ourense) non se ten rexistrado ningunha solicitude de apoio por parte da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Pan de Cea para a tramitación das axudas Bono Relevo da Xunta de Galicia. Non obstante, no marco da remuda xeracional, véñense realizando diversas accións para analizar as dificultades de atopar relevo (Remuda Xeracional Denominación de Orixe (DO) Ribeiro, Potenciando o emprendemento cos recursos locais Pan de Cea, entre outras).

Concretamente, no pasado mes de marzo, levouse a cabo unha actividade en colaboración coa devandita IXP Pan de Cea, na que participaron persoas asociadas á mesma, así como alumnado dos ciclos de panadería, repostería, pastelería e cociña gastronómica do EFA Piñeiral (IES Vilamarín), ademais doutras persoas emprendedoras interesadas.

As conclusións da xornada permitiron desmentir a idea de que son traballos incompatibles coa conciliación, facendo constar que se tratan de saídas laborais demandadas. Ademais, fíxose fincapé na necesidade de difundir este tipo de oportunidades de emprendemento, creando sinerxías co comercio local e incluso con

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



outros sectores, permitindo adaptar ditas suxestións á actuación da Consellería e comezar a cubrir as súas necesidades de relevo xeracional, implementando accións que motiven a continuidade –tamén ao abeiro da IXP–.

Pódese acceder ao transcurso da actividade a través da seguinte ligazón: <https://youtu.be/lgtAJqPQozw>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:15:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29670
Data envío: 29/07/2025 09:15:05.922

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5072**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"o orzamento previsto pola Xunta de Galicia para o proxecto de modernización do regadío da Limia e o prazo para facelo efectivo, así como sobre os dereitos de uso da infraestrutura e a avaliación de medidas para minimizar os efectos negativos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 7960 e debatida na Comisión 7ª do 27 de setembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzQ0MjQ3NjctZmZjNC00ZGVLLWlzNTctNjc4ZjRkOWUwOTRl&start=130>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 8:35:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30145
Data envío: 31/07/2025 08:36:00.296

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5388**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, don Secundino Fernández Fernández e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **“o prazo previsto pola Xunta de Galicia para poñer en marcha o Plan estratéxico da Limia, así como sobre e a eventual inclusión doutras medidas á parte das relativas á modernización do regadío e limpeza de canles”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 7960 e debatida na Comisión 7ª do 27 de setembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzQ0MjQ3NjctZmZjNC00ZGVLLWlzNTctNjc4ZjRkOWUwOTRl&start=130>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 8:35:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30144
Data envío: 31/07/2025 08:35:53.991

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5451**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e outros deputados e deputadas, sobre **"as repercusións dos cambios introducidos no prego de condicións da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega e as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á apertura de liñas de axudas dirixidas ás produtoras e aos produtores co fin de se adaptaren ás novas obrigas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Antes de entrar a contestar as preguntas formuladas, debemos indicar que as deputadas e os deputados asinantes achegan no preámbulo de contextualización unha información con bastantes incorreccións.

No ano 2021, o Regulamento (UE) 1151/2012 sufriu unha importante modificación, que afectou sobre todo ao procedemento de modificación dos pregos de condicións das DOP e IXP. Logo desa reforma do regulamento, as modificacións dos pregos de condicións non se clasifican en "modificacións menores" e "modificacións non menores", senón que pasaron a denominarse "modificacións normais" e "modificacións da Unión". As primeiras apróbaas a autoridade competente do Estado membro (neste caso, a Consellería do Medio Rural) e as "da Unión" ten que aprobalas a Comisión Europea ao tratarse de modificacións que afectan a elementos esenciais do rexistro da DOP ou IXP.

Dito isto, debemos indicar que as modificacións que se introduciron teñen a consideración de "normais" (e polo tanto, non teñen que ser aprobadas pola Comisión Europea) porque non afectan ao nome rexistrado, non alteran o vínculo do produto co territorio nin establecen novas restricións no comercio. Eses son os tres motivos que implicarían a necesidade de aprobación pola Comisión, e non os que as e os deputados indican na súa exposición.

Por outra parte, é tamén importante resaltar que a modificación foi proposta polo Consello Regulador, que a aprobou cun amplísimo consenso (só un vogal mostrou a desconformidade). E debemos ter en conta que o pleno do Consello Regulador está elixido democraticamente e é o lexítimo representante do sector.

E tamén é de resaltar que a modificación (das varias que se introduciron) que está a xerar certa polémica e esta pregunta parlamentaria (a necesidade dun acabado dos tenreiros para coller o peso necesario para obter canais de calidade) foi o resultado dos traballos das mesas de debate que se constituíron para elaborar a Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Neses debates púxose de manifesto a necesidade de homoxeneizar a produción de carne de Suprema, porque nos últimos tempos cada vez dáse unha maior heteroxeneidade polo feito de que, fronte ao sistema tradicional de ter os xatos acortellados (que é a práctica que xa figuraba como recomendable nas normas da IXP Ternera Gallega para os xatos destinados á categoría "Suprema"), cada vez está sendo máis frecuente deixalos no pasto coas nais ata o sacrificio, o que dá lugar a canais de baixo peso e carne que non presenta as características de tenreza que debe caracterizar a carne de Ternera Gallega Suprema

Por outra banda, a estimación que fai o Consello Regulador da IXP Ternera Gallega é de que poden ser unhas 750 as explotacións de Ternera Gallega Suprema nas que actualmente non se sigue a práctica do acortellamento nas últimas fases de engorde dos xatos, práctica que, como xa dixemos, xa figuraba como recomendada dentro da normativa da indicación xeográfica protexida antes da modificación que se acaba de aprobar.

A avaliación do custe depende de cada caso particular en función do tamaño da cabana, das instalacións existentes, da localización, etc. Pero si que podemos dicir que as instalacións que se necesitan son sinxelas e non teñen porque ter un custe por m² elevado. Ademais, para facilitar a súa implantación, o propio prego de condicións establece un período transitorio antes da aplicación da obriga

De acordo cos datos que nos subministra o Consello Regulador, o número de animais que non cumpren os estándares de engraxamento e conformación non é doado de determinar porque hai animais que a industria xa descarta presentalos a certificación por corresponder a canais de baixo peso. O Consello Regulador estima que hai unha cifra de animais de arredor dos 8.000, que dan lugar a canais que, aínda cumprindo os mínimos de conformación e engraxamento, presentan anomalías claras en canto á relación idade / peso (idade entre 9 e 10 meses, con pesos inferiores a 180 kg/canal) respecto a media das canais de Ternera Gallega Suprema (canaís entre 9 e 10 meses con 225 kg/canal). Este dato é bastante significativo porque, ademais, coincide con engraxamentos (1) e (2-) ou (2) como máximo, nunha porcentaxe moi alta.

O sector, tanto nas mesas de debate da elaboración da Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia como no Pleno do Consello Regulador, percibe como un problema grave a cada vez maior heteroxeneidade nas canais de Ternera Gallega Suprema. Así, xunto a canais de elevadísima calidade (a que debe corresponder a esta categoría) procedentes de explotacións que seguen a práctica tradicional do acortellamento (práctica que, como dixemos, xa figuraba como recomendable antes desta modificación) son cada vez máis frecuentes canais de baixo peso e que non responden as características de calidade ás que se asocia a carne de "Suprema", e coincide que maioritariamente estas canais proceden de explotacións que non fan o acortellamento.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Os permisos das construcións xestionaranse do xeito que a norma establece para esas zonas. O período transitorio que se establece para a entrada en vigor desta nova obriga debe ser suficiente para a tramitación dos permisos que, eventualmente, se precisasen.

Por outra banda a Consellería do Medio Rural xa conta con axudas ás explotacións que poden cubrir os investimentos que, eventualmente, teñan que ir realizando as explotacións para poder seguir producindo xatos acollidos á categoría Ternera Gallega Suprema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:14:52



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5493**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación do sector lácteo e as accións que leva a cabo o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia e a Xunta de Galicia para promocionar o leite galego e garantir a súa cadea de valor"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 5491 e debatida no Pleno dos días 9-10 de xullo de 2024, ao que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O Pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjVkJzJExZmMtMzM2NS00OWNiLTg4ZjAtNTgzYzY5NWRjMWQ1>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:14:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29666
Data envío: 29/07/2025 09:14:42.211

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5700**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e outros deputados e deputadas, sobre **"a profesionalización e o desenvolvemento dos procesos de obtención da para impulsar o sector ovino galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 5697 e debatida na Comisión 7ª do día 5 de xullo de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A Comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2IxNTEzYzUtOThtjMC00MGQ4LWJiODctMDRhZGM2YzY3MzA4> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:14:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29665
Data envío: 29/07/2025 09:14:36.970

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5766**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as estatísticas e os datos referidos ás concentracións parcelarias desde 1954, desde o número, a superficie, os usos, a localización e as persoas ligadas a elas ata o seu nivel de afección polos lumes ou a vinculación ao Banco de Terras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A subdirección de mobilidade de terras responde á consulta, xa que o Banco de Terras de Galicia está xestionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en base ao artigo 35 da lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

As concentracións parcelarias non forman parte do Banco de Terras. Segundo o artigo 36.1.a) da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, incorpóranse ao Banco de Terras as masas comúns procedentes dos procedementos de concentracións parcelarias con data de firmeza do acordo posterior á da entrada en vigor da Lei 10/1985 de concentración parcelaria de Galicia e nos de reestruturación parcelaria regulados na Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial de Galicia; con aptitude para os fins do Banco de Terras.

A información das parcelas xestionadas polo Banco de Terras atópase publicada na web da Axencia: <https://agader.xunta.gal/gl/banco-de-terras/datos-principais/>

Os datos xerais das parcelas incorporadas no Banco son:

| Total de parcelas no Banco de Terras | | | |
|--------------------------------------|-------------|-----------|------------|
| Provincia | Nº parcelas | Sup. (ha) | Media (ha) |
| A Coruña | 5.649 | 2.620,11 | 0,46 |
| Lugo | 3.291 | 1.952,11 | 0,59 |
| Ourense | 6.548 | 1.818,34 | 0,28 |
| Pontevedra | 2.299 | 646,61 | 0,28 |
| Galicia | 17.787 | 7.037,16 | 0,40 |

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Desagregando por titularidade:

| Total de parcelas no Banco de Terras (Desagregación por titularidade) | | | | | | | | | |
|---|----------------------|-----------------|-----------------|-------------------------|-----------------|-----------------|------------------------|---------------|-----------------|
| Provincia | Propiedade de Agader | | | Propiedade de terceiros | | | Convenios descoñecidos | | |
| | Nº parcelas | Sup. (ha) | Sup. media (ha) | Nº parcelas | Sup. (ha) | Sup. media (ha) | Nº parcelas | Sup. (ha) | Sup. media (ha) |
| A Coruña | 5.462 | 2.258,57 | 0,41 | 143 | 267,10 | 1,87 | 44 | 94,43 | 2,15 |
| Lugo | 2.321 | 1.699,63 | 0,73 | 963 | 245,34 | 0,25 | 7 | 7,14 | 1,02 |
| Ourense | 2.969 | 942,39 | 0,32 | 3.569 | 874,55 | 0,25 | 10 | 1,39 | 0,14 |
| Pontevedra | 2.139 | 541,34 | 0,25 | 159 | 105,08 | 0,66 | 1 | 0,19 | 0,19 |
| Galicia | 12.891 | 5.441,93 | 0,42 | 4.834 | 1.492,07 | 0,31 | 62 | 103,15 | 1,66 |

En canto á desagregación por estado de arrendamento:

| Desagregación por estado de arrendamento | | | | | | | | | | |
|--|--------------|-----------------|----------------------------|---------------|--------------|-----------------|----------------|-----------------|---------------|---------------|
| Provincia | Arrendada | | En proceso de arrendamento | | Dispoñible | | Non arrendable | | Outras causas | |
| | Nº parcelas | Sup. (ha) | Nº parcelas | Sup. (ha) | Nº parcelas | Sup. (ha) | Nº parcelas | Sup. (ha) | Nº parcelas | Sup. (ha) |
| A Coruña | 745 | 630,81 | 337 | 243,27 | 2.051 | 444,35 | 992 | 748,69 | 1.524 | 552,98 |
| Lugo | 1.116 | 602,65 | 353 | 396,34 | 1.179 | 482,76 | 462 | 410,16 | 181 | 60,20 |
| Ourense | 2.352 | 728,70 | 176 | 61,69 | 2.724 | 685,94 | 382 | 144,17 | 914 | 197,84 |
| Pontevedra | 171 | 85,91 | 126 | 47,44 | 1.098 | 224,57 | 282 | 140,81 | 622 | 147,88 |
| Galicia | 4.384 | 2.048,07 | 992 | 748,73 | 7.052 | 1.837,62 | 2.118 | 1.443,84 | 3.241 | 958,90 |

Parcelas non arrendables: por ter unha construción, un depósito, por estar solicitadas para cesión a concellos ou por causas similares

Outras causas: parcelas en proceso de incorporación, depuración de datos ou pendentes de inspección

Neste momento, no Banco de Terras hai incorporadas un total de 12.891 parcelas titularidade da Axencia, que se corresponden con masas comúns procedentes de Concentración/Reestruturación parcelaria, e que pertencen a un total de 372 zonas de Concentración/Reestruturación parcelaria. Están arrendadas un total de 1.541 masas que supoñen unha superficie de 1.279 hectáreas.

O artigo 37 da LRTAG indica que os predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia estarán destinados a actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou mixtas. Igualmente, poderán utilizarse para a implantación de infraestruturas necesarias para a ordenación e o desenvolvemento rurais ou que teñan que localizarse no medio rural, e para outros fins compatibles coa súa natureza.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A información dos predios incorporados pode consultarse en SITEGAL, que é a ferramenta informática de titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural empregada polo Banco de Terras de Galicia para a xestión integral e o desenvolvemento das súas funcións ordinarias que inclúe a posta á disposición das persoas usuarias do Catálogo de predios dispoñibles. Este catálogo inclúe información sobre a identificación, a localización, a superficie, as actividades admisibles e o prezo de saída do predio, poden consultarse en <https://sitegal.xunta.gal/sitegal>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:14:25



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

- 4) Nas conclusións do Congreso de Chantada, no que estivo representada a Xunta de Galicia por Seaga, no se fala da "técnica dos troianos" como a máis efectiva. Do que si se fala é do trampeo en colaboración cos apicultores que foi o que fixo a Xunta de Galicia este ano 2024, mantendo un encontro con todos eles, entregando trampas e xeolocalizando esas trampas no entorno dos colmeares".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29687
Data envío: 29/07/2025 09:18:29.324

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:18:28

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7956**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"o traballo desenvolvido pola Sociedade Impulsa Galicia desde o seu nacemento"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Sociedade Impulsa Galicia é un instrumento de colaboración público-privada en cuxo capital participan a Xunta de Galicia (40%), Abanca (38%), Reganosa (12%) e Sogama (10%) polo que non forma parte do sector público-autonómico.

A súa creación en 2021 respondeu á necesidade de acompañar a transformación do tecido produtivo da Comunidade aproveitando a oportunidade que supoñían os fondos Next Generation. Non obstante, a xestión destes fondos Next Generation non está a ter os resultados previstos debido á pouca adaptación das convocatorias e medidas deseñadas polo Estado á realidade da industria española; este feito, derivado de que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das comunidades autónomas, está a levar aparellada unha baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais e, polo tanto, á perda dunha oportunidade histórica para afrontar a transición a unha economía verde, dixital e sustentable por parte do tecido empresarial.

Aínda así, desde a súa creación, Impulsa Galicia tivo como obxectivo axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego:

- Identificando oportunidades.
- Captando investimentos.
- Consequindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas.

Non obstante, cómpre salientar que o Estado decidiu unilateralmente quedarse con máis de 33.500 millóns de euros dos PERTE industriais, sen contar coas comunidades autónomas, o que está a conducir a unha perda da oportunidade histórica que os fondos Next Generation supoñían e, polo tanto, a un fracaso nos seus resultados. As consecuencias desta nefasta decisión estanse producindo nestes mesmos momentos, e seguirán no futuro, porque segue habendo unha falta de encaixe dos proxectos industriais estratéxicos galegos nos PERTE.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A pesar do escaso éxito na xestión dos fondos Next Generation por parte do Estado, Impulsa foi quen de participar no desenvolvemento de importantes proxectos. Como ocorre en calquera sociedade que se dedica a identificar oportunidades transformadoras, non todas elas chegan a acadar a madurez como para poder ser de interese para ser desenvolvidos, nin todos están, lóxicamente, no mesmo estado de madurez. Entre os proxectos nos que esta sociedade participou nas primeiras fases de conceptualización, poden destacarse:

- Fábrica de fibras téxtiles sostibles, en tramitación (conta xa con Declaración de impacto ambiental).
- Data center: en tramitación.
- Sociedade que opera no ámbito privado, sen prexuízo de que conta cunha parte de capital público, co obxecto de que o aproveitamento dos recursos naturais leve asociados beneficios sociais e económicos: en operación (Recursos de Galicia).

En consecuencia, o traballo levado a cabo por esta sociedade desde a súa constitución pode considerarse como satisfactorio en canto á súa contribución ao desenvolvemento industrial da Comunidade Autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 11:41:46
Nº Rexistro: 30317
Data envío: 01/08/2025 11:41:46.216

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 11:41:45

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8210**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **“as previsións do Goberno galego no referido á presentación dun informe relativo ao estado de execución, en termos de investimento e emprego, dos proxectos tractores anunciados pola Sociedade Impulsa Galicia”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Sociedade Impulsa Galicia é un instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, e incorporándoos ao tecido empresarial galego.

Neste sentido, a actividade principal da sociedade é o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e unha Galicia máis dixital. Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades en Galicia.
- Captando investimentos.
- Conseguindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

En canto aos proxectos impulsados, desde a data de constitución da sociedade, téñense dado importantes pasos en firme en diferentes proxectos, algún dos cales están xa nunha fase avanzada de tramitación. Agora ben, como calquera sociedade que se dedica a identificar oportunidades transformadoras, non todas elas chegan a acadar a madurez como para poder ser de interese para ser desenvolvidas, nin todas están no mesmo estado de madurez.

Unha vez os proxectos se atopan en tramitación, a información está dispoñible para toda a cidadanía, como no caso do proxecto industrial estratéxico “proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas”, cuxo anuncio de información pública pode consultarse na ligazón:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240304/AnuncioG0692-200224-0017_gl.html, ou o proxecto dun Data Center en Curtis, cuxo anuncio de información pública pode consultarse na ligazón:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250123/AnuncioG0763-200125-0002_gl.html.

Pola súa parte, no caso de Recursos de Galicia, a sociedade constituída está xa en operación, como se ten informado publicamente en diversas ocasións, co obxectivo último de garantir que a xestión da riqueza dos recursos naturais galegos se traducirá sempre en riqueza social para a comunidade.

En calquera caso, cómpre salientar que os proxectos impulsados por Impulsa Galicia foron concibidos desde un principio en base aos principios de dixitalización e sustentabilidade, sendo un bo sinal que existan proxectos industriais estratéxicos que xa están en tramitación, dos que foron identificados pola Sociedade Impulsa, polo que é indubidable que o resultado para Galicia da posta en marcha desta sociedade é moi positivo.

Finalmente, cómpre salientar que o impulso de proxectos tractores tratou de aproveitar a oportunidade que constituían os fondos Next Generation, e que non está a ter os resultados previstos debido á pouca adaptación das convocatorias e medidas deseñadas polo Estado á realidade da industria española; este feito, derivado de que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas, está a levar aparellada unha baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais e, polo tanto, á perda dunha oportunidade histórica para afrontar a transición a unha economía verde, dixital e sustentable por parte do tecido empresarial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 11:41:40
Nº Rexistro: 30316
Data envío: 01/08/2025 11:41:40.462

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 11:41:40

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8323**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, don Xosé Manuel Golpe Acuña e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **“o estado en que está a tramitación do proxecto tractor anunciado hai catro anos consistente en crear un centro de economía circular”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto denominado Centro de economía circular-Xestión de residuos para a súa transformación e valoración xurdiu no seo da Sociedade Impulsa Galicia, instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, e incorporándoos ao tecido empresarial galego.

Neste sentido, a actividade principal da sociedade é o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e máis dixital. Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades en Galicia.
- Captando investimentos.
- Consequindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

Entre os proxectos identificados, detectouse a posibilidade de desenvolver o dito proxecto, transformando e valorizando residuos, continuándose unha fase de conceptualización por parte das compañías Naturgy, Repsol e Reganosa.

De forma global, en canto á xestión de residuos para toda Galicia, o proxecto non comezou a día de hoxe a súa tramitación, sen prexuízo de que existen plantas de tratamento de residuos e xeración de biogás que si se están a tramitar na Comunidade Autónoma de Galicia”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 15:34:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29885
Data envío: 29/07/2025 15:34:20.400

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8401**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros deputados e deputadas, sobre **“os informes do Consello de Contas verbo da transparencia e control público da Sociedade Impulsa Galicia”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Sociedade Impulsa Galicia non é unha sociedade pública, de acordo coa definición que se recolle no artigo 102.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga), xa que o dito precepto define as sociedades mercantís públicas autonómicas como “as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei”.

Por outra parte, a Lofaxga establece, respecto das sociedades mercantís públicas autonómicas, no seu artigo 102.3, que a Xunta de Galicia poderá participar no capital das sociedades mercantís, calquera que sexa a súa forma ou obxecto social, cando o Consello da Xunta, logo do informe da Consellería de Facenda, o considere conveniente para o cumprimento de finalidades concretas de política económica. Agás o disposto por normas especiais, a participación da Xunta non será inferior ao 10% nin superior ao 50% do capital social das devanditas sociedades.

En consecuencia, a participación da Xunta de Galicia en Impulsa é minoritaria e, como tal, o control económico-financeiro externo sobre a actividade da sociedade realízase anualmente por unha auditora externa sobre as contas pertinentes, que fiscaliza cada ano e de forma independente a actividade da sociedade.

A Xunta de Galicia conta con representantes no consello de administración e na xunta de accionistas da Sociedade, velando así pola axeitada xestión dos recursos públicos en todo momento”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:08:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:08:34
Nº Rexistro: 30006
Data envío: 30/07/2025 12:08:34.993

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 6971**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outras deputadas, sobre **"a xestión do Rexistro vitícola de Galicia, a súa incidencia na D. O. de Valdeorras e a eventual adopción de solucións por parte da Xunta de Galicia para mellorar este instrumento da viticultura galega"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 6583 e debatida no Pleno do día 9 de outubro de 2024, ao que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmJiOGRkMzgtMmFlNy00NGFjLTljOTktNmE4Mjk4YWRLNmNk>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:19:34



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7263**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"o prazo para o remate das obras de construción dunha base de unidade operativa (BUO) dos equipos de extinción de lumes no concello de Rianxo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A obra iniciouse o día 15 de maio de 2023, pouco tempo despois de obter a licenza de obra. Por diversas razóns técnicas, houbo unha modificación da estrutura respecto do proxecto inicial, o que implicou un recálculo da estrutura e demora conseguinte. Ao tempo, os episodios inusuais de precipitacións ocasionaron uns datos de humidade na madeira que ralentizaron de xeito importante a instalación da estrutura.

No ano 2023 levouse a cabo o levantamento da estrutura e executouse cuberta e fachada, co cal quedou rematada exteriormente quedando pendente de finalizar os traballos interiores.

Tendo en conta que estas obras ían finalizar en 2023 pero non foi posible rematalas polas circunstancias sobrevidas comentadas durante o seu desenvolvemento, foi necesario tramitar unha modificación orzamentaria que permitira dispor no orzamento vixente da contía necesaria para asumir con fondo propio o custo das obras.

Pola confluencia destas causas non foi posible aprobar a ampliación do prazo de execución ate dispor do orzamento necesario para actualizar os compromisos de gasto. Con data 31 de maio de 2024 aprobouse a conseguinte modificación orzamentaria, polo que a Dirección Xeral de Defensa do Monte xa dispón do crédito necesario para completar a execución das obras que, por outra banda é posible porque os elementos estruturais da obra suxeitos a medicións de humidade recuperaron os parámetros que permiten darlle continuidade dos traballos.

Está previsto que rematen as obras antes do final do presente ano 2024 e entrarán en funcionamento no primeiro trimestre do vindeiro ano 2025".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:19:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29694
Data envío: 29/07/2025 09:19:11.066

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7301**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros deputados e deputadas, sobre **“os proxectos e os diferentes datos que dan conta da actividade da Sociedade Impulsa Galicia, así como sobre os informes do Consello de Contas respecto da súa transparencia e control público”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Impulsa Galicia é unha sociedade en cuxo capital participan a Xunta de Galicia (40%), Abanca (38%), Reganosa (12%) e Sogama (10%).

O cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de tódalas fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia, acompañando aos socios líderes de cada un deles, e incorporando aos mesmos ao tecido empresarial galego. Esta é, precisamente, a actividade principal da sociedade: o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos.

Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades de investimentos en Galicia.
- Captando investimentos.
- Consequindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

Polo tanto, o obxecto da sociedade non é investir na execución de proxectos, senón identificar proxectos viables e con repercusión na Comunidade Autónoma de Galicia, a súa conceptualización, así como a busca de potenciais promotores que os executen.

En relación á cuestión relativa ao capital social, cando se crea unha sociedade, o capital inicial fíxase en atención a unha serie de parámetros, especialmente ás estimacións do seu plan de negocio, polo que o capital social responde ás necesidades previstas para a sociedade.

En relación aos resultados da sociedade, como en calquera outra, responde ao resultado do balance entre ingresos e gastos. Nesta sociedade, os gastos proveñen principalmente pola conceptualización e desenvolvemento de proxectos, gastos xerais e gastos de persoal, mentres que os ingresos son os xerados pola actividade da sociedade que proveñen do desenvolvemento de proxectos en marcha e polo desenvolvemento de proxectos novos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Por outra parte, cómpre salientar que esta sociedade conta con persoal propio, pero dadas as actividades que leva a cabo, en ocasións necesita facer subcontratacións para a análise e conceptualización dos proxectos que requiren un estudo profundo co fin de analizar a súa viabilidade técnico económica. De forma xeral, as contratacións con provedores externos inclúen consultoría estratéxica técnica, económica, xurídica, de comunicación, e outros servizos necesarios para o desenvolvemento da actividade.

En relación á posible contratación ás sociedades que participan no seu capital, Impulsa non ten contratado a ningunha delas, nin a Reganosa, nin a Sogama, nin a Abanca.

Con respecto ás retribucións asociadas aos órganos de dirección, cómpre salientar que ningunha das persoas que participa neles por parte das sociedades que participan no seu capital, incluída a Xunta de Galicia, percibe ningunha retribución pola dita participación.

En relación aos proxectos desenvolvidos, como ocorre en calquera sociedade que se dedica a identificar oportunidades transformadoras, non todas elas chegan a acadar a madurez como para poder ser de interese para ser desenvolvidos, nin todos están, lóxicamente, no mesmo estado de madurez.

Entre eles, poden destacarse:

- Fábrica de fibras téxtiles sostibles, en tramitación (conta xa con Declaración de impacto ambiental).
- Data center: en tramitación.
- Sociedade que opera no ámbito privado, sen prexuízo de que conta cunha parte de capital público, co obxecto de que o aproveitamento dos recursos naturais leve asociados beneficios sociais e económicos: en operación (Recursos de Galicia).

Unha vez conceptualizados os proxectos, distintos socios promotores téñenos desenvolvido, tal e como se pode consultar tanto na tramitación administrativa dos proxectos industriais, como no Rexistro Mercantil no caso de Recursos de Galicia, sociedade na que, ademais da Xunta de Galicia, a parte privada está integrada actualmente por 32 empresas de toda clase que sosteñen máis de 21.000 empregos directos e achegan anualmente ao PIB da comunidade máis de 10.500 millóns de euros (14% do total).

En relación ao carácter da sociedade, cómpre salientar que non se trata dunha sociedade pública, de acordo coa definición que se recolle no artigo 102.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, xa que o dito precepto define as sociedades mercantís públicas autonómicas como "as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Por outra parte, a Lei 16/2010 establece, respecto das sociedades mercantís públicas autonómicas, no seu artigo 102.3, que a Xunta de Galicia poderá participar no capital das sociedades mercantís, calquera que sexa a súa forma ou obxecto social, cando o Consello da Xunta, logo do informe da Consellería de Facenda, o considere conveniente para o cumprimento de finalidades concretas de política económica. Agás o disposto por normas especiais, a participación da Xunta non será inferior ao 10% nin superior ao 50% do capital social das devanditas sociedades.

Polo tanto, a participación da Xunta de Galicia en Impulsa é minoritaria, e como tal o control económico-financeiro externo sobre a actividade da sociedade realízase anualmente por unha auditora externa sobre as contas pertinentes, que fiscalizan anualmente e de forma independente a actividade da sociedade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 11:41:51



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7488**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, dona Montserrat Valcárcel Armesto e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"o balance das axudas para novas plantacións de castiñeiros de froito en 2023 e a adecuación deste programa á realidade do tamaño medio das propiedades e ao tipo de produción tradicional en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 8565 e debatida na Comisión 7ª do 27 de setembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDlhNDg5NGYtYTFkYi00Mjg2LTk0MDctNmE1M2MzOGNlMGY4>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:19:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29693
Data envío: 29/07/2025 09:19:04.760

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7611**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"a execución do orzamento dotado para equipar o Banco de Xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 6504 e debatida na Comisión 7ª do día 27 de setembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDlhNDg5NGYtYTFkYi00Mjg2LTk0MDctNmE1M2MzOGNlMGY4>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:18:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29689
Data envío: 29/07/2025 09:18:40.189

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 16380**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Lara Méndez López, sobre **“as previsións do Goberno galego no referido á posta en marcha das liñas de subvencións públicas correspondentes ao Fondo de Transición Xusta destinadas ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas de Meirama e das Pontes”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O 14 de febreiro de 2025, a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 16379, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego no referido á posta en marcha das liñas de subvencións públicas correspondentes ao Fondo de Transición Xusta destinadas ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas de Meirama e das Pontes, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación inxírese ligazón á resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDFmZWJjYzktM2lyZS00NDcyLTk0OWUtYWI3N2lyYTlhYjgz&start=1610>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 14:13:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30229
Data envío: 31/07/2025 14:13:31.726

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 18865**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Lara Méndez López e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego respecto da elaboración do novo Plan sectorial eólico de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O 9 de maio de 2025, a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 18863, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da elaboración do novo Plan sectorial eólico de Galicia, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación, inxírese ligazón á resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDkyN2l0YzctNzQ5OS00Zm15LTgzNDgtYWYyZTAwOTZhNTFl&start=7987>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 10:51:48



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20501**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, dona Carmela González Iglesias, don Ramón Fernández Alfonso e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"a situación do sector da industria naval en Galicia, a postura do Goberno galego respecto dos usos dos terreos de Astilleros San Enrique en Vigo e a dotación da ría de Vigo dun centro de reparacións navais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O 4 de xuño de 2025, a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 20502, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas para garantir a continuidade da industria naval no espazo ocupado por Astilleros San Enrique en Vigo, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación inxírese ligazón á resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTFkYzFmNTQtMTRkNS00YjE5LThlZGQtNzBiODg2MDNjOTE4&start=5434>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 11:05:43



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21315**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da necesidade dun control público da Sociedade Recursos de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O 11 de abril de 2025, a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 21313, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai o Goberno galego da necesidade dun control público da Sociedade Recursos de Galicia, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación inxírese ligazón á resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWUxMzhhM2YtYzg1ZS00MmlxLWI4OTMtM2M2M2IzNTY5Y2Zi&start=7270>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 11:13:52
Nº Rexistro: 29944
Data envío: 30/07/2025 11:13:52.359

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 11:13:51

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22002**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Lara Méndez López, sobre **"a participación e a capacidade de decisión da Administración xeral e do sector público autonómicos na Sociedade Recursos de Galicia, as contías desembolsadas polos socios privados e as posibilidades de control por parte do Consello de Contas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O 11 de abril de 2025, a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 22001, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a participación e a capacidade de decisión da Administración xeral e do sector público autonómicos na Sociedade Recursos de Galicia, as contías desembolsadas polos socios privados e as posibilidades de control por parte do Consello de Contas, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación inxírese ligazón á resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWUxMzhhM2YtYzg1ZS00MmIxLWI4OTMtM2M2M2IzNTY5Y2Zi&start=7270>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 11:13:33
Nº Rexistro: 29941
Data envío: 30/07/2025 11:13:33.719

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 11:13:33

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23001**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don José Ramón Gómez Besteiro, sobre **"a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello do Grove polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como recolle a Lei 9/2010, de Augas de Galicia (artigo 44), os fondos recadados polo canon da auga deben ser destinados a varios programas de gasto con fins específicos.

En primeiro lugar, os recursos deben empregarse na prevención da contaminación das augas e na recuperación e mantemento dos caudais ecolóxicos, esenciais para asegurar a sustentabilidade ambiental dos ecosistemas acuáticos.

A segunda finalidade é garantir a consecución dos obxectivos medioambientais definidos pola lexislación e pola planificación hidrolóxica, apoiando así o financiamento dos custos asociados ao investimento, explotación e xestión das infraestruturas hídricas necesarias para manter o ciclo da auga de maneira eficiente e sostible.

Ademais, o artigo tamén prevé que unha parte da recadación se destine ao apoio económico ás administracións que teñen competencias na xestión do ciclo urbano da auga dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. Isto inclúe os gastos que as entidades locais ou rexionais poidan ter na mellora das infraestruturas e na xestión do recurso hídrico.

Por último, o artigo tamén permite que os fondos se utilicen para cubrir calquera outro gasto necesario para o cumprimento das funcións que lle corresponden a Augas de Galicia, asegurando que a xestión do recurso hídrico se realice de maneira adecuada e conforme ás necesidades medioambientais e sociais.

No período 2012-2024, Augas de Galicia recadou no Grove 5.445.550,98 €.

Antes do 2012 non existía como tal o canon da auga. O decreto relativo ao canon publicouse no 2012".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 11:08:58
Nº Rexistro: 29938
Data envío: 30/07/2025 11:08:58.555

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 11:08:58

CSV: BOPGDSPG-OkpaTOU0k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

